



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 1 de abril de 2024



RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 1 DE ABRIL DE 2024.

ASUNTOS

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 3/2024, de 1 de marzo.
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 24 de febreiro ata o 22 de marzo de 2024.
3. Dación de conta da comunicación dos Grupos políticos coa adscrición dos/as deputados/as ás Comisións Informativas e das modificacións efectuadas.

Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Cívís

4. Aprobación da modificación do texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para financiar a I Acción positiva contra a toxicidade na rede e Diálogos entre feministas

Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais

5. Aprobación inicial do Plan Estratéxico de Estradas da Deputación Provincial da Coruña 2024 - 2029

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos

6. Aprobación da primeira prórroga da fase 2 do contrato de modernización da infraestrutura do CPD da Deputación Provincial da Coruña e creación do centro de respaldo, consistente nos servizos de soporte e mantemento proactivo e de soporte á operación, que será realizada polo adxudicatario do contrato principal INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA.
7. Aprobación da segunda e última prórroga do contrato de SERVICIOS DE SOPORTE E MANTENIMIENTO DA BASE DE DATOS UNIVERSE PARA WINDOWS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, nas mesmas condicións que o contrato principal, con arranxo aos Pregos que o rexen.
8. Aprobación da TERCEIRA E ÚLTIMA PRÓRROGA do contrato de SEGURO DE RISCOS PATRIMONIAIS, PERSOAIS E DE RESPONSABILIDADE CIVIL DERIVADOS DO USO DE VEHÍCULOS A MOTOR DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, durante un período comprendido entre 1 de setembro de 2024 e o 31 de agosto de 2025, nas mesmas condicións que o contrato principal, con arranxo aos Pregos que o rexen.
9. Autorización da continuidade da prestación do contrato de SERVICIO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, que será executada polo adxudicatario do contrato principal, EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, de conformidade cos pregos que rexen o contrato inicial, aprobados por Resolución da Presidencia número 41532 de data 27 de novembro de 2018 e modificados por Resolución da Presidencia número 3981 de data 4 de febreiro de 2020 para incorporar os requisitos introducidos polo Real Decreto-lei 14/2019, do 31 de



outubro, na Lei de contratos do sector público en materia de protección de datos.

10. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio subscrito co concello de Dumbría polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o arranxo de camiños municipais, ata o 31 de outubro de 2024 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios

11. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Senda peonil de Coque a Iglesias de Larín", do Concello de Arteixo, incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2021 co código 2021.2102.0406.0

12. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Rexeneración da Praza Sagrada Familia en Vilaboa", do Concello de Culleredo, incluído na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022, co código 2022.2102.0353.0 levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

13. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Instalación dun aparello elevador no edificio municipal do local social da asociación de veciños de Mandiá" do Concello de Ferrol, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2100.0026.0

14. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reurbanización da Praza do Barreiro", do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023 por maior achega provincial, co código 2023.2102.0535.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital

15. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, correspondente a xaneiro de 2024.

16. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, correspondente a febreiro de 2024.

17. Dación de conta do Informe Anual de Auditoría do Rexistro contable de facturas do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña do exercicio 2023.

18. Dación de conta da remisión da relación de convenios do ano 2023 e determinados expedientes de convenios á Plataforma de Rendición de Contas.

19. Dación de conta da remisión da relación de contratos do ano 2023 e determinados expedientes de contratación á Plataforma de Rendición de Contas.

20. Dación de conta da Memoria do Servizo Provincial de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos correspondente ao ano 2023.



21. Dación de conta do Plan de control financeiro correspondente ao exercicio 2024.
22. Dación de conta do Plan Orzamentario a medio prazo 2025-2027.
23. Dación de conta da actualización das entregas a conta realizadas no exercicio 2024 e da entrega a conta de febreiro de 2024 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.
24. Aprobación das bases singulares para a xestión, por delegación do Concello de Arteixo, da inspección da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local a favor de empresas explotadoras de subministracións de interese xeral ou que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza (Taxa do 1,5) e dos procedementos sancionadores que deriven destas actuacións e a aceptación da devandita delegación.
25. Aprobación da aceptación da delegación de competencias tributarias do Concello da Laracha (Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana).
26. Aprobación da aceptación da delegación de competencias tributarias do Concello de Muxía (Recadación Executiva).
27. Dación de conta da Memoria de Recadación e Xestión Tributaria da Deputación da Coruña do 2023 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.
28. Aprobación da revisión da Política de Seguridade da Deputación da Coruña.
29. Dación de conta da resolución de presidencia número 3644/2024, relativa a persoal eventual.

Comisión de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria

30. Aprobación da modificación das cláusulas VII e XIII do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Galega pola Cultura marítima e fluvial polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "XVI Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia. Sada 2023"

Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente

31. Aprobación da proposta de acordo de adhesión á "Red de Gobiernos Locales + Biodiversidad" da FEMP.

ACTUACIÓN DE CONTROL:
MOCIÓN

ROGOS E PREGUNTAS



Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 1 de abril de 2024.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 1 de abril de 2024, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial.

Deputados/as

Asistentes:

Dona María Soledad Agra Tuñas	BNG
Don José Ramón Amado De La Fuente	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Manuel Caamaño López	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Dona Rosa Ana García López	PSOE
Dona Cristina García Rey	BNG
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona María Del Mar García Vidal	PSOE
Dona Natividad De Jesús González Rodríguez	BNG
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don José Manuel López Varela	PP
Don Miguel Lorenzo Torres	PP
Don Carlos Martínez Carrillo	PP
Dona María Del Mar Méndez Vilela	PP
Dona Eudoxia María Neira Fernández	PSOE
Dona María Jesús Novo Gómez	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don Fernando Pérez Fernández	PP
Dona Diana Piñeiro Fernández	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don Roberto Rey Martínez	PP
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Dona Mónica Rodríguez Ordóñez	PSOE
Dona Susana María Sanjurjo Fraga	PP
Dona Avia Veira González	BNG

A Sra. Sanjurjo Fraga entra no Salón comezada a sesión, no punto número 5.

Actúa como secretario accidental: don Miguel Iglesias Martínez, oficial maior da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:08 horas, tratáronse os seguintes asuntos:



Sr. Presidente

Moi bo día. Comezamos esta sesión ordinaria de Pleno co primeiro punto da orde do día.

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 3/2024, de 1 de marzo.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 3/2024, de 1 de marzo.

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 24 de febreiro ata o 22 de marzo de 2024.

Dáse conta ao Pleno das Resolucións da Presidencia, desde o 24 de febreiro ata o 22 de marzo de 2024.

3.- Dación de conta da comunicación dos Grupos políticos coa adscrición dos/as deputados/as ás Comisións Informativas e das modificacións efectuadas.

A Corporación toma coñecemento da comunicación dos grupos políticos coa adscrición concreta a cada Comisión Informativa dos membros da Corporación en representación de cada grupo, así como das modificacións efectuadas, todo isto en cumprimento do establecido no artigo 96 do Regulamento orgánico desta Deputación provincial.



Con data do 21 de marzo de 2024 a composición das Comisións informativas é a seguinte:

COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIO¹	PP	PSdeG-PSOE	BNG	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
COMISIÓN DE CULTURA, IGUALDADE, LINGUA E DEREITOS CIVÍS 17:00 h luns Semana anterior ao Pleno	Presidenta: Natividad de Jesús González Rodríguez Secretaría: Mercedes Fernández-Albalat Ruiz	Caamaño López, José Manuel Calvelo Martínez, José Carlos Lorenzo Torres, Miguel Martínez Carrillo, Carlos Méndez Vilela, María Del Mar	García López, Rosa Ana Leira Piñeiro, Antonio Neira Fernández, Eudoxia María Rodríguez Ordóñez, Mónica	Agra Tuñas, María Soledad González Rodríguez, Natividad De Jesús	Ángel García Seoane
COMISIÓN DE DEPORTE 17:30 h luns Semana anterior ao Pleno	Presidente: Antonio Leira Piñeiro Secretaría: Sofía Agraño Rey	López Varela, José Manuel Novo Gómez, María Jesús Pérez Fernández, Fernando Piñeiro Fernández, Diana Rey Martínez, Roberto	García López, Rosa Ana Leira Piñeiro, Antonio Neira Fernández, Eudoxia María Rodríguez Ordóñez, Mónica	Agra Tuñas, María Soledad Veira González, Avia	Ángel García Seoane
COMISIÓN DE SECTORES PRODUCTIVOS: MAR E MEDIO RURAL 17:00 h martes Semana anterior ao Pleno	Presidenta: Cristina Capelán Cancelo Secretario: Rafael Díaz-Aguado Jalón	Caamaño López, José Manuel Calvelo Martínez, Carlos Martínez Carrillo, Carlos Pérez Fernández, Fernando Rey Martínez, Roberto	Capelán Cancelo, Cristina García Vidal, María Del Mar Lage Tuñas, José Manuel Neira Fernández, Eudoxia María	García Rey, Cristina González Rodríguez, Natividad De Jesús	Ángel García Seoane
COMISIÓN DE POLÍTICA SOCIAL, EDUCACIÓN E MOCIDADE 17:30 h martes Semana anterior ao Pleno	Presidenta: María Del Mar García Vidal Secretaría: Carolina Buhigas Jack	García Gorostizu, Izaskun López Varela, José Manuel Méndez Vilela, María Del Mar Novo Gómez, María Jesús Piñeiro Fernández, Diana	Capelán Cancelo, Cristina García Vidal, María Del Mar Lage Tuñas, José Manuel Neira Fernández, Eudoxia María	González Rodríguez, Natividad De Jesús Veira González, Avia	Ángel García Seoane



COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARÍO ¹	PP	PSdeG-PSOE	BNG	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
COMISIÓN DE INFRAESTRUTURAS VIARIAS E OBRAS PROVINCIAIS 17:00 h mércores Semana anterior ao Pleno	Presidente: Mónica Rodríguez Ordóñez Secretario: Luis Jaime Rodríguez Fernández	Calvelo Martínez, José Carlos López Varela, José Manuel Martínez Carrillo, Carlos Pérez Fernández, Fernando Rey Martínez, Roberto	Lage Tuñas, José Manuel Leira Piñeiro, Antonio Neira Fernández, Eudoxia María Rodríguez Ordóñez, Mónica	Penas Corral, Xosé Luis Veira González, Avia	Ángel García Seoane
COMISIÓN DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E EQUIPAMENTOS 17:30 h mércores Semana anterior ao Pleno	Presidente: Xosé Luis Penas Corral Secretario: Luis Jaime Rodríguez Fernández	Caamaño López, José Manuel García Gorostizu, Izaskun Lorenzo Torres, Miguel Méndez Vilela, María Del Mar Novo Gómez, María Jesús	Lage Tuñas, José Manuel Leira Piñeiro, Antonio Neira Fernández, Eudoxia María Rodríguez Ordóñez, Mónica	García Rey, Cristina Penas Corral, Xosé Luis	Ángel García Seoane
COMISIÓN DE PLANS PROVINCIAIS E ASISTENCIA A MUNICIPIOS 17:00 h xoves Semana anterior ao Pleno	Presidente: Cristina García Rey Secretaria: Susana Rouco Penabaz	Calvelo Martínez, José Carlos López Varela, José Manuel Martínez Carrillo, Carlos Pérez Fernández, Fernando Rey Martínez, Roberto	Capelán Cancelo, Cristina García Vidal, María Del Mar Lage Tuñas, José Manuel Rioboo Castro, José Ramón	García Rey, Cristina Penas Corral, Xosé Luis	Ángel García Seoane
COMISIÓN DE FACENDA, ESPECIAL DE CONTAS, RECURSOS HUMANOS E AVANCE DIXITAL 17:30 h xoves Semana anterior ao Pleno	Presidente: José Ramón Rioboo Castro Secretaria: M ^a José Vázquez Sesmonde	Caamaño López, José Manuel García Gorostizu, Izaskun Lorenzo Torres, Miguel Méndez Vilela, María Del Mar Piñeiro Fernández, Diana	Capelán Cancelo, Cristina García Vidal, María Del Mar Lage Tuñas, José Manuel Rioboo Castro, José Ramón	Penas Corral, Xosé Luis Veira González, Avia	Ángel García Seoane
COMISIÓN DE PROMOCIÓN TURÍSTICA, ARTESANÍA, COMERCIO E CADEA AGROALIMENTARIA 17:00 h venres Semana anterior ao Pleno	Presidente: Xosé Regueira Varela Secretario: Rafael Díaz-Aguado Jalón	Calvelo Martínez, José Carlos García Gorostizu, Izaskun Lorenzo Torres, Miguel Martínez Carrillo, Carlos Pérez Fernández, Fernando	García López, Rosa Ana Lage Tuñas, José Manuel Neira Fernández, Eudoxia María Rioboo Castro, José Ramón	Agra Tuñas, María Soledad Regueira Varela, Xosé	Ángel García Seoane



COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIO ⁱ	PP	PSdeG-PSOE	BNG	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
COMISIÓN DE INDUSTRIA, EMPREGO, POLÍTICA DEMOGRÁFICA E MEDIO AMBIENTE 17:30 h venres Semana anterior ao Pleno	Presidenta: Rosa Ana García López Secretario: Manuel Vázquez Sesmonde	Amado De La Fuente, José Ramón Méndez Vilela, María del Mar Novo Gómez, María Jesús Piñeiro Fernández, Diana Rey Martínez, Roberto	García López, Rosa Ana Lage Tuñas, José Manuel Neira Fernández, Eudoxia María Rioboo Castro, José Ramón	Agra Tuñas, María Soledad Requeira Varela, Xosé	Ángel García Seoane

ⁱ RP 2023/33137 e 2023/33136 , nomeamento presidentes e secretarios Comisi ns Informativas.



4.- Aprobación da modificación do texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para financiar a I Acción positiva contra a toxicidade na rede e Diálogos entre feministas

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a modificación do texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña correspondente á subvención nominativa concedida polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria que tivo lugar o 29 de setembro de 2023, no que se refire aos prazos para realización e xustificación do proxecto obxecto do convenio, así como ao prazo de vixencia, de xeito que o texto definitivo do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para financiar a I Acción positiva contra a toxicidade na rede e Diálogos entre feministas

Na Coruña, a

REÚNENSE

D/Dna. _____ en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. _____ en nome e representación da Universidade da Coruña

Os/as comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

EXPOÑEN

Primeiro.- A Universidade da Coruña é unha entidade de dereito público que, de acordo co artigo 3 dos seus Estatutos, para o mellor cumprimento dos seus fins, poderá articular as súas actividades con outras universidades, dentro e fóra do sistema universitario galego, e manterá relacións con centros de investigación e institucións culturais e sociais.

De acordo co artigo 4, na realización das súas actividades a Universidade aterase aos principios reitores do Estado social e democrático de dereito, defensa da autonomía e liberdade de cátedra, promoción da calidade e a súa avaliación e o mellor servizo á sociedade e aos membros da comunidade universitaria.

Segundo.- O Centro de Estudos de Xénero e Feministas (CEFEX) constitúe un centro de investigación interdisciplinario que se enmarca no contexto dos centros propios da



Universidade da Coruña, un espazo de formación onde se desenvolven cursos en torno a diversas temáticas e dirixidos a distintos tipos de público, co obxectivo de ofertar contidos e formatos de gran calidade que redunden nunha mellora tanto da actividade investigadora como da práctica profesional no caso de persoas que traballan ou queren traballar no eido da igualdade. Tamén é un espazo de encontro e de diálogo en permanente contacto coa realidade social máis próxima, así coma con redes de traballo e comunicación que permiten establecer conexións con outras latitudes

Terceiro.- A Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos o fomento da educación e a programación e subvención das actividades culturais, artísticas e científicas, en colaboración con outras entidades e organismos, para contribuír de maneira sustentable ao avance do coñecemento e ao benestar social.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Universidade da Coruña, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Universidade da Coruña, con CIF Q6550005J, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento da *I Acción positiva contra a toxicidade na rede e Diálogos entre feministas*, co obxecto de traballar en diversas perspectivas das desigualdades e violencias que teñen no xénero un factor explicativo.

Os obxectivos son afondar no estudo dos tipos de acoso e outras formas de violencia ás que se ven sometidas ás mulleres políticas nas redes sociais e desenvolver unha acción positiva que contribúa a visibilizar e contrarrestar este fenómeno e tamén achegar á cidadanía diferentes posicionamentos, teóricas e correntes feministas e fomentar unha perspectiva crítica a través do diálogo entre feminismos.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a Universidade da Coruña.

A Universidade da Coruña levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Concepto		Importe
I acción positiva		25.127,79
- Eixe 1. Desenvolvemento do proxecto		
• Persoal (Contrato media xornada graduada comunicación x 3 meses)	4.989,40	
• Persoal (Contrato xornada completa graduada informática x 8 meses)	18.638,39	
• Software	300,00	
- Eixe 2. Difusión proxecto (Participación xornadas, congresos, publicacións, seminarios,...)	1.200	
Diálogos feministas		5.175,28
- Honorarios conferencias	5.175,28	



Custes UDC: Coordinación proxecto		8.750,00
- Persoal propio (investigadora comunicación , 5 horas/mes x 4 meses)	2.694,00	
- Persoal propio (investigadora informática, 5 horas/mes x 8 meses)	6.056,00	
Custes xestións Fundación da UDC		4.696,93
Total		43.750,00

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **35.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de **80 %**.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80 %**, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23122/45390, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Universidade da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Universidade da Coruña.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Universidade da Coruña, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Universidade da Coruña deberá solicitar polo menos tres orzamentos a



distintos provedores.

Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Universidade da Coruña, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

Empregarase en todas as actividades realizadas o logotipo oficial da Deputación e o de Igualdade que descargarse do apartado de imaxe corporativa https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/?utm_source=MenuGlobal&utm_campaign=MenuCabecera&utm_medium=Web

2. Co obxecto de ter información das actividades que se realizan no marco do convenio, a Universidade comunicaranlle á Sección de Servizos Sociais a través do enderezo electrónico igualdade@dacoruna.gal a realización daquelas actividades abertas ao público en xeral.

3. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento destas obrigas da Universidade da Coruña.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Universidade da Coruña unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo/a representante legal da Universidade da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, materiais editados, de ser o caso, e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados,(con IVE e Sen IVE) no que se indiquen os/as acredores/as co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2023.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Certificación** na que a Universidade da Coruña acredite que ten as autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.



* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2024**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Universidade da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **16 de agosto de 2024**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidade da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidade da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidade da Coruña.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1. A Universidade da Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. A Universidade da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Universidade da Coruña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.



X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade da Coruña poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidade da Coruña queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidade da Coruña serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.



3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Universidade da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **16 de setembro de 2024** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse feito desde o **1 de xaneiro de 2023**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2024 autorice o correspondente Orzamento.

2. Previa solicitude da Universidade da Coruña, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."



5.- Aprobación inicial do Plan Estratéxico de Estradas da Deputación Provincial da Coruña 2024 - 2029

INTERVENCIÓN

Sr. Ben Otero

Buenos días, presidente, compañeros y compañeras de Corporación.

Nosotros valoramos positivamente la idea de traer un plan estratégico de carreteras que absorberá los cuatro supuestos planes hasta ahora existentes: vías provinciales, de conservación, de sendas y de carreteras a transferir, y que puede suponer una oportunidad para racionalizar, objetivar y sistematizar la actuación sobre nuestras vías o infraestructuras de comunicación rodada o peatonal.

Decimos que puede suponer una oportunidad para racionalizar, sistematizar y objetivar el destino de dinero público y para asegurar una vertebración equilibrada o equitativa de nuestra provincia. Ojalá no pierda el Gobierno provincial la oportunidad de que así sea, y esa oportunidad se puede perder si no se despejan algunas dudas, algunas inconcreciones, algunas lagunas, algunos aspectos inconvenientes. Especialmente nos preocupa que no se concreten los criterios de distribución y que tengamos que esperar a las posteriores bases de un plan de inversiones.

(Entra no salón de Plenos a Sra. Sanjurjo Fraga).

En ese sentido, echamos en falta un avance de esas bases para poder hacer una valoración en conjunto. En todo caso, no nos oponemos a la tramitación de este plan, nosotros mismos pedimos hace dos meses un plan para tener clara la situación de partida, los objetivos, los criterios de distribución, los tiempos etc. Pero, como apunto, no está claro que el documento que nos traen se ajuste a la idea de lo que debe ser un plan. Así las cosas, nos vamos a abstener inicialmente a la espera de conocer la respuesta a las alegaciones que se puedan presentar.

Nada más y muchas gracias.

Sr. Presidente

Vale. Pois agradécese a actitude propositiva construtiva, o cal nos obriga tamén a reflexionar sobre que temos a sorte de que calquera grupo, ou calquera veciño da provincia, ou calquera entidade que se considere interesada neste punto do Plan estratéxico provincial de estradas pode facelo, pode facelo, porque se está a facer un Plan estratéxico de estradas probablemente único de Galicia. A Lei xeral de estradas de Galicia obriga a Xunta de Galicia a ter un Plan de estradas de Galicia, que non ten, nin está en elaboración nin temos a posibilidade de ir a unha exposición pública a presentar unha soa alegación. Polo tanto, parécenos un paso relevante, co que invitamos o resto de administracións públicas tamén a cumprir a lei neste punto.

Procedemos á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a



Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"1. APROBAR inicialmente o Plan estratéxico de estradas da Deputación Provincial da Coruña 2024-2029.

2. EXPOÑER ao público o Plan estratéxico de estradas mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, considerárase definitivamente aprobado."



**Deputación
DA CORUÑA**

**Plan Estratéxico de Estradas da
Deputación Provincial da Coruña
2024 - 2029**



Plan Estratéxico de Estradas da Deputación Provincial da Coruña 2024 - 2029

1. Introducción	3
2. Marco xeral do Plan	4
2.1. Marco legal e competencial	4
2.2. Ámbito territorial	5
2.3. Horizonte temporal	5
2.4. Perspectiva de xénero	5
2.5. Axenda 2030	5
3. Descrición da rede viaria actual	6
3.1. Clasificación funcional	6
3.2. Plataforma e tipos de firme	10
3.3. Estado de conservación	12
3.4. Intensidades de tráfico	13
3.5. Sinistralidade	13
4. Análise DAFO	16
5. Estratexia de vías provinciais 2024 – 2029	17
5.1. Definición do escenario futuro. Misión e Visión	18
5.1.1. Misión	18
5.1.2. Visión	18
5.2. Eixos estratéxicos	18
5.2.1. E-1. Mellorar a rede viaria provincial	19
5.2.1.1. OE-1. Racionalizar a rede viaria provincial	19
5.2.1.2. OE-2. Circulación segura de peóns	19
5.2.1.3. OE-3. Mellorar o nivel de servizo das vías provinciais	20
5.2.1.4. OE-4. Mellorar a conservación	20
5.2.2. E-2. Acadar a excelencia operativa	20
5.2.2.1. OE-5. Potenciar a transformación dixital	20
5.2.2.2. OE-6. Mellorar a financiación	20
5.2.2.3. OE-7. Aumentar o nivel de execución orzamentaria	21
5.2.3. E-3. Aumentar a comunicación e a transparencia	21
5.2.3.1. OE-8. Mellorar a comunicación	22
5.2.3.2. OE-9. Fomentar a transparencia	22
5.3. Eixos transversais	22
5.3.1. E-4. Incrementar a seguridade viaria	22
5.3.1.1. OE-10. Concienciar aos usuarios	23
5.3.2. E-5. Fomentar o progreso económico e social	23
5.3.2.1. OE-11. Perseguir o equilibrio e solidariedade intermunicipais	23
5.3.3. E-6. Apoiar o desenvolvemento do rural	23
5.3.3.1. OE-12. Mellorar a infraestrutura para o transporte público	24
5.4. Liñas de actuación	27



Plan Estratéxico de Estradas da Deputación Provincial da Coruña 2024 - 2029

LA-1. Transferencias con concellos	28
LA-2. Transferencias coa Xunta de Galicia	29
LA-3. Elaboración de normas e guías técnicas	30
LA-4. Construción e mellora de de sendas peonís e beiravías de seguridade	31
LA-5. Ampliacións de calzada e melloras de trazado	32
LA-6. Eliminación de puntos negros	33
LA-7. Ampliación e rehabilitación de pontes	34
LA-8. Conservación integral	35
LA-9. Mellora da sinalización e balizamento	36
LA-10. Rehabilitación e mellora de firmes	37
LA-11. Implantación de BIM (Building Information Modelling)	38
LA-12. Creación dun xemelgo dixital da rede	39
LA-13. Definición de actuacións financiadas con fondos estatais e europeos	40
LA-14. Establecemento dunha taxa de aproveitamento especial do dominio público	41
LA-15. Redución do tempo das etapas da vida das obras	42
LA-16. Establecemento dun plan de comunicación e participación cidadá	43
LA-17. Creación dunha páxina web	44
LA-18. Creación dun informe de transparencia	45
LA-19. Desenvolvemento de campañas de seguridade vial nos concellos	46
LA-20. Establecemento dunha liña de subvencións a concellos sen estradas provinciais	47
LA-21. Paradas de transporte colectivo público en zonas rurais	48
6. Xestión do Plan	49
6.1. Gobernanza e sistema de seguemento e avaliación	49
6.2. Investimentos	49
6.2.1. Proxectos de iniciativa propia	50
6.2.2. Proxectos de iniciativa conxunta	51
6.2.3. Criterios de selección dos investimentos	51
6.3. Financiamento do Plan	53



1. Introducción

No ámbito das administracións públicas en España, as deputacións provinciais desempeñan un papel clave para os concellos, en especial para os de menor tamaño, provéndolles de medios materiais e económicos para o desenvolvemento das súas funcións. Ademais deste rol de apoio, as deputacións tamén teñen unha función decisiva coma elementos vertebradores da provincia, proporcionando unha rede de estradas que, xunto ás pertencentes ás demais administracións territoriais contribúen á mobilidade no ámbito físico das mesmas.

No caso da Deputación de A Coruña, a rede viaria provincial consiste na actualidade en 421 vías cuxa lonxitude total excede os 2.000 quilómetros, e que soporta arredor de medio millón de desprazamentos diarios. A xestión desta rede tradúcese principalmente, na actualidade, na execución de plans de investimento para a mellora da seguridade peonil e de vehículos que transitan polas mesmas; plans de conservación da rede existente, así como a vixilancia e policía das actividades relacionadas coas vías, como é o caso das autorizacións para a realización de obras por outros entes o por particulares dentro do dominio público das estradas.

A complexidade da xestión das estradas provinciais aconsella o establecemento dun instrumento para a planificación e a xestión da rede viaria cunha clara visión de futuro, dotando de maior axilidade á hora de programar e executar os investimentos, así coma unha mellora na xestión orzamentaria. Este é o obxectivo primordial deste Plan Estratéxico de Estradas da Deputación Provincial da Coruña.

Esta planificación basease principalmente nos seguintes feitos:

- As estradas provinciais constitúen unha vía de comunicación –en moitos casos a única– para os diversos núcleos e parroquias que conforman a xeografía poboacional da provincia. Por estas estradas, comparten circulación os vehículos automóbiles de todo tipo, coma camións, tractores, turismos, motocicletas, ou autobuses, con peóns e ciclistas, polo que é preciso incrementar a seguridade dos usuarios, priorizando aos máis vulnerables.
- A rede de estradas provincial atópase claramente sobredimensionada. Por tanto, é necesario dotala dunha magnitude que responda ás necesidades xerais da provincia, sen acoller estradas ou tramos claramente urbanos, estradas de ámbito municipal con pouca intensidade de tráfico ou, no outro extremo, estradas que, polas súas características de trazado, intensidade de tráfico ou categoría, deban estar acollidas na rede autonómica.



Plan Estratéxico de Estradas da Deputación Provincial da Coruña 2024 - 2029

- A rede viaria provincial non se beneficia adecuadamente das posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías en canto á forma de xestión, planificación e conservación das estradas.
- Un plan estratéxico de estradas non pode desvincularse dos obxectivos xerais da provincia e, polo tanto, debe atender a un adecuado desenvolvemento económico e social de todo o seu territorio, garantindo os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipal.

2. Marco xeral do Plan

2.1. Marco legal e competencial

A falta dun conxunto de normas e instrucións emanadas da corporación provincial que regulen as actuacións do ente na súa rede viaria, o marco legal e competencial no que se encadra este plan o constitúen as disposicións nacionais e autonómicas de aplicación a este Plan.

Con carácter xeral, e determinando as competencias das entidades locais, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local establece como competencia provincial a potestade de programación ou planificación, e determina que é competencia do Pleno da Deputación a aprobación dos plans de carácter provincial.

Esta mesma Lei tamén establece como fins propios da provincia o garantir os principios de solidariedade e equilibrio municipais, en particular, garantindo a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal na totalidade do territorio provincial.

Tamén débese ter en conta o Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de presupostos, que no seu artigo 12.c) dispón que *“Los planes de inversión y sus programas de financiación que, en su caso y para un plazo de cuatro años, puedan formular los municipios y demás Entidades locales de ámbito supramunicipal”*.

Acotando o marco á rede viaria, a Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (LEG) é a norma que regula o dominio público viario das estradas de titularidade das entidades locais galegas, e establece os procesos de planificación, proxección, coordinación, financiación, explotación, uso e protección do mesmo. Esta lei ten o seu desenvolvemento regulamentario no Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia (RXEG), modificado polo Decreto 51/2023, de 11 de mayo.

A Deputación de A Coruña, pola súa parte, aprobou o seu catálogo de estradas o 30 de abril de 2021 para dar cumprimento á LEG e así inventariar e clasificar as estradas pertencentes á súa rede.



2.2. Ámbito territorial

O ámbito territorial do Plan Estratéxico o constitúe a totalidade da provincia de A Coruña. Aínda que o ámbito principal pretende acadar este Plan é a rede viaria pertencente á Deputación Provincial, non se debe esquecer que existen concellos polos que non discorren vías provinciais. Así pois, é intención da Corporación integrar neste Plan mecanismos para actuar sobre as vías de comunicación dos mesmos, dun xeito que permita acadar os mesmos niveis de progreso económico e social, garantindo o equilibrio territorial que o resto do territorio provincial.

2.3. Horizonte temporal

O presente Plan terá unha vixencia de cinco anos. Para a súa correcta execución, no entanto, será preciso acometer una revisión xeral dos obxectivos establecidos no mesmo para adecualos, si fora o caso, ao estado e amplitude da rede, dos equipos, ou mesmo por unha adaptación a novas políticas provinciais.

2.4. Perspectiva de xénero

O “Plan de acción das políticas de igualdade de xénero da provincia da Coruña 2019 – 2023” xa puxo de manifesto que a dispersión territorial da poboación da provincia da Coruña, xunto co carácter rural dunha gran parte do territorio supoñen riscos de illamento social, especialmente das mulleres maiores, así como de invisibilización da violencia de xénero.

Tamén é salientable o menor acceso das mulleres ao vehículo privado de xeito autónomo, como amosa, no seu apartado de mobilidade, a enquisa de características esenciais da poboación e vivendas do Instituto Nacional de Estadística (INE). Este feito provoca que se dificulten as súas posibilidades de desprazamento no territorio, ao aumentar a súa dependencia e limitar as oportunidades laborais das mulleres.

Neste Plan Estratéxico de Estradas preténdese abordar esta problemática no ámbito rural a través dúas vías: mediante a construción e mellora de itinerarios peonís seguros que reduzan o illamento das mulleres maiores, e mellorando as paradas de transporte público das vías provinciais, favorecendo o uso de este medio de transporte e loitando de esta maneira contra a dependencia das mulleres.

2.5. Desenvolvemento sostible

Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da ONU, aprobados como parte da Axenda 2030 sobre el desarrollo sostible, son una serie de accións para seu desenvolvemento por parte dos países membros da organización en aras á mellora da vida de todos.

En relación coa a dimensión de Sostemento, este Plan ten en conta os seguintes Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e metas:



Plan Estratéxico de Estradas da Deputación Provincial da Coruña 2024 - 2029

- ODS 3: Garantir unha vida sana y promover o benestar de todos a todas as idades
 - Meta 3.6: Reducir á metade no número de mortes e lesións causadas por accidentes de tráfico no mundo.
- ODS 9: Industria, innovación e infraestruturas
 - Meta 9.1: Desenvolver infraestruturas fiables, sostibles, resilientes e de calidade, incluídas infraestruturas rexionais e transfronterizas, para apoiar o desenvolvemento económico e o benestar humano, facendo especial fincapé no acceso alcanzable e equitativo para todos.
- ODS 11: Lograr que as cidades e os asentamentos humanos sexan inclusivos, seguros, resilientes e sostibles
 - Meta 11.2: De aquí a 2030, proporcionar acceso a sistemas de transporte seguros, alcanzables, accesibles e sostibles para todos e mellorar a seguridade viaria, en particular mediante a ampliación do transporte público, prestando especial atención ás necesidades das persoas en situación de vulnerabilidade, as mulleres, os nenos e nenas, as persoas con discapacidade e as persoas de idade avanzada.



3. Descrición da rede viaria actual

Na provincia de A Coruña, aparte dos viarios municipais, coexisten redes de titularidade estatal, autonómica e provincial.

Rede de estradas	
Titular	Lonxitude (quilómetros)
Estado	571,73
Xunta de Galicia	1.725,46
Deputación Provincial	2.060,47

A totalidade das 421 estradas da Rede da Deputación Provincial da Coruña están clasificadas, dacordo ó establecido no art.8 da LEG, como estradas convencionais, non existindo autoestradas, autovías ou vías para automóviles.

3.1. Clasificación funcional

O RXEG, no seu artigo 32, establece tres categorías funcionais das estradas: Rede Estructurante, Rede Complementaria e Rede Local. Os artigos 33 a 35 do RXEG establecen os criterios a seguir para a categorización funcional das estradas en cada unha destas tres redes.


A inclusión de cada estrada nunha rede deberá fundamentarse na categoría dos núcleos urbanos ou centros de actividade a que serve, así como na función que desempeñe en relación coa ordenación do territorio e o sistema de transporte. Así, a clasificación actual das estradas provinciais é a seguinte:

1. Rede Estructurante. Está formada polos grandes eixes que, xunto coa Rede de estradas do Estado, vertebran o territorio, o conectan coas redes de estradas da República Portuguesa e das comunidades autónomas de Asturias e Castela e León e relacionan entre si:
 - Os espazos urbanos.
 - Os nodos do sistema urbano intermedio.
 - Os aeroportos e portos de interese xeral do Estado.

- 8



Plan Estratéxico de Estradas da Deputación Provincial da Coruña 2024 - 2029



3. **Rede Local.** Está formada por todas as estradas non incluídas na Rede de estradas do Estado, na Rede Estruturante ou na Rede complementaria. En particular, formarán tamén parte da Rede local aquelas vías que, sen formar parte da Rede de estradas do Estado, da Rede Estruturante ou da Rede Complementaria, constitúan o principal acceso a:
- Concellos que non dispoñan de acceso a través doutras estradas.
 - Parques empresariais de rango comarcal, plataformas lóxicas, parques especializados e parques tecnolóxicos orientados á innovación, desenvolvemento e investigación previstos na planificación sectorial de áreas empresariais de Galicia.


-



Estradas provinciais	
Tipo de rede	Lonxitude (quilómetros)
Estruturante	55,99
Complementaria	96,41
Local	1.908,07

3.2. Plataforma e tipos de firme

Prácticamente a metade da rede viaria provincial (47,1%) ten unha plataforma cun ancho inferior aos 6 m., mínimo que se considera necesario para o cruce de dous vehículos pesados. Este feito ten especial transcendencia naquelas zonas nas que se desenvolven actividades agrícolas ou industriais.




No tocante aos tipos de firme que presentan as calzadas, é maioritario o tratamento superficial (TS) que, en comparación co microaglomerado en quente (MAC), ten unha duración inferior, presenta unha menor resistencia ao deslizamento e non corrixe as irregularidades da calzada.

O resto dos firmes presentes nas estradas provinciais, nunha proporción bastante inferior ás citadas son: microaglomerado en frío (MAF), mezcla asfáltica (MA), leitada bituminosa (LB), leitada de formigón (LH) e adoquín (ADQ).




Plan Estratéxico de Estradas da Deputación Provincial da Coruña 2024 - 2029



En función dos anchos da plataforma e os distintos tipos de firme, a rede viaria provincial presenta a seguinte distribución en quilómetros:

Características das estradas





3.3. Estado de conservación

Tendo en conta a gran lonxitude e heteroxeneidade da rede de estradas de titularidade da Deputación Provincial de A Coruña, o estado de conservación é relativamente bo, especialmente no que atinxe ó pavimento, constituído en boa parte por firmes con mezclas bituminosas en quente e outra con firmes en regos asfálticos con grixo, estando estes últimos presentes en estradas situadas fora dos ámbitos urbanos y con baixa intensidade de vehículos pesados.

O estado de sinalización, balizamiento e das medidas de contención de vehículos é, xeralmente, aceptable, debendo aumentarse a uniformidade da sinalización e incrementarse os tramos con sistemas de contención de vehículos, debendo destinarse para isto a suficiente aportación presupostaria.

O estado da drenaxe é correcto, sen grandes incidencias nos periodos máis chuviosos, e ao que se destina anualmente parte da conservación, especialmente no relativo á apertura de cunetas, ao seu revestimento e á colocación de novas conduccións ou reposición das existentes.

En canto ao estado das estruturas, sen incidencias significativas ata o día de hoxe, sería necesario realizar unha inspección xeral destas, de forma periódica, ó obxecto de previr futuras incidencias e poder actuar con antelación, minimizando tanto impactos na circulación coma no aspecto económico.



3.4. Intensidades de tráfico

Polas estradas provinciais circulan diariamente máis de 400.000 vehículos automóbiles. A continuación amósanse os datos de intensidade de tráfico (en vehículos/día) para a rede provincial (en número de tramos medidos).

Intensidades de tráfico			
Lixeiros		Pesados	
IMD	Número de vías	IMD	Número de vías
Menor de 100	86	Menor de 25	299
Entre 100 e 500	192	Entre 25 e 49	116
Entre 501 e 1000	111	Entre 50 e 99	78
Entre 1001 e 2500	111	Entre 100 e 199	49
Entre 2500 e 5000	48	Entre 200 e 800	26
Máis de 5000	25	Máis de 800	0

3.5. Sinistralidade

Os datos de sinistralidade, referidos aos últimos cinco anos (2019 - 2023) denotan que -coa excepción do ano 2020 que tivo especiais circunstancias polo COVID- se conseguiu unha redución ao final do período tanto en número de accidentes como no total de vítimas (mortos, feridos graves e feridos leves) dun 8% e un 5,8% respectivamente.

Exercicio	Total de accidentes	Total de vítimas	Vítimas mortais	Feridos graves	Feridos leves
2019	666	295	6	29	260
2020	550	215	7	25	183




Plan Estratéxico de Estradas da Deputación Provincial da Coruña 2024 - 2029

2021	615	233	5	34	194
2022	667	262	9	31	222
2023	626	278	2	30	246
Totais	3124	1283	29	149	1105


Con todo, non se debe pasar por alto que, aínda que o número total de vítimas descendeu entre o principio e o final do período, nos últimos anos presenta unha tendencia ascendente que podería levar a acadar de novo os datos de 2019.

Accidentes



Victimas totales


Mortos + feridos graves + feridos leves



Para unha correcta comprensión das causas dos accidentes e, polo tanto, das accións correctoras a levar a cabo para diminuír esta taxa, faise preciso unha análise pormenorizada das vías e dos tramos destas con maior taxas de sinistralidade así coma da tipoloxía dos sinistros.



Vías con maior sinistralidade da rede provincial de estradas:





4. Análise DAFO

O análise DAFO é una ferramenta utilizada para describir a situación dunha organización e, de esta maneira, poder definir adecuadamente as estratexias que se levarán a cabo. O procedemento para desenvolver este estudo requeriu analizar tanto os factores internos coma os externos que determinan a vantaxe que posúe a organización para alcanzar os seus obxectivos.

Neste tipo de análise, os factores internos examinan as fortalezas e debilidades do Servizo de Vías e Obras, en canto aos recursos humanos, de capital, organizativos, etc. dispoñibles. Os factores externos indican a presenza de ameazas e oportunidades que suporán un freo, ou un acelerador da actividade do departamento.

ANÁLISE DAFO		
	Fortalezas	Debilidades
Dimensión interna	Experiencia e coñecemento do personal no sector. <i>Know How</i> acumulado.	Orzamento anual insuficiente para investimentos e conservación en relación á dimensión actual da rede.
	Equipo directivo con obxectivos claros.	Diminución insuficiente das taxas de sinistralidade.
	Actitude proactiva no desempeño das funcións por parte do persoal.	A sinalización, aínda que é xeralmente aceptable, noutros casos é inexistente ou está en mal estado.
	Situación financeira provincial sen endebedamento.	Ineficiencias na xestión que orixinan uns prazos de actuación anormalmente longos.
		Falla de incorporación e uso de novas tecnoloxías de xestión de estradas.
		Problemas de coordinación interna con outros servizos e externa con outras administracións implicadas.
		Ausencia de normativas e regulamentos internos



ANÁLISE DAFO		
		Falla de percepción clara da estratexia do servizo, sen coñecer nin comprender os obxectivos e prioridades do mesmo.
Dimensión externa	Oportunidades	Ameazas
	Novas fontes de financiamento para os distintos proxectos	Trabas burocráticas na xestión de autorizacións.
	Establecemento de sinerxias cos concellos da provincia de cara a uns obxectivos comúns	Problemas coas cadeas de subministro de materiais
		Falla de persoal cualificado en empresas construtoras
		Incremento dos custos dos materiais

5. Estratexia de vías provinciais 2024 – 2029

O Plan Estratéxico de Estradas desenvolverase, a partir do establecemento da misión —que constitúe a razón de ser desta área da Deputación—, e da visión —que constitúe o estado ao que se quere chegar nun horizonte temporal razoable—, seguindo os seguintes eixos:

- Eixos estratéxicos: Constitúen as liñas directivas ás que se axustará a actividade da Deputación e afecta a tódolos órganos, tanto a nivel directivo como técnico ou administrativo. Levaranse a efecto a través dos obxectivos estratéxicos establecidos para cada un dos eixos. Establécense tres eixos estratéxicos:
 - E-1. Mellorar a rede viaria provincial
 - E-2. Acadar a excelencia operativa
 - E-3. Aumentar a comunicación e a transparencia
- Eixos transversais: Os eixos transversais tamén conforman o marco ao que se se debe axustar a actividade da institución provincial, pero o seu desenvolvemento acádase



principalmente por medio dos eixos anteriores, complementándose por obxectivos propios do eixo transversal. Os eixos transversais definidos son:

- E-4. Incrementar a seguridade viaria
- E-5. Fomentar o progreso económico e social
- E-6. Apoiar o desenvolvemento do rural

Pola súa parte, cada un dos eixos estrutúrase en dous niveis:

- **Obxectivos estratéxicos.** Estes obxectivos constitúen as medidas operativas cuxo resultado pode ser medido e, polo tanto evaluado, que se levan a cabo mediante os programas ou liñas de actuación.
- **Liñas de actuación.** Cada unha das liñas de actuación materializarase mediante un ou varios proxectos executables, xa sexan de construción, de servizos, etc. que tamén pode ser medido.

5.1. Definición do escenario futuro. Misión e Visión

5.1.1. Misión

Dotar á Deputación Provincial de A Coruña dunha rede óptima de infraestruturas viais provinciais seguras e adecuadamente conservadas e cunha explotación eficaz e eficiente.

5.1.2. Visión

A Deputación da Coruña contribúe coa súa rede viaria á mellora social e económica da provincia, favorecendo ademais a cohesión e o equilibrio territorial dos concellos que a conforman.

5.2. Eixos estratéxicos

As prioridades estratéxicas que se presentan a continuación xurden a consecuencia do establecemento dos obxectivos xerais que se pretenden acadar con este Plan Estratéxico, e guiarán o desenvolvemento do plan nos anos en que esté vixente. Para fixar estas prioridades tivéronse en conta tanto a propia experiencia do Servizo de Vías e Obras e dos seus responsables, coma as demandas da cidadanía e dos concellos da provincia. Tamén a súa determinación se inscribe dentro das políticas globais que se pretenden levar a cabo no conxunto da provincia.



5.2.1. E-1. Mellorar a rede viaria provincial

Como fin primordial do plan estratéxico sitúase a mellora da rede viaria provincial, tanto en seguridade dos usuarios das estradas coma na súa xestión ordinaria de mantemento. Para acadar este obxectivo, un punto primordial debe ser a racionalización da rede co fin de acadar un tamaño acorde coas súas funcións coma vías de comunicación provincial.

5.2.1.1. OE-1. Racionalizar a rede viaria provincial

A gran lonxitude total da rede, xunto coas características de moitas das vías, que teñen un carácter eminentemente local, complican enormemente a xestión da rede viaria. A Deputación posúe na actualidade un gran número de estradas, incorporadas á rede en resposta a necesidades puntuais de determinados lugares e épocas, as cales non teñen, na actualidade, razón de estar incluídas no catálogo viario provincial.

Das 421 estradas provinciais, máis dun terzo teñen lonxitudes inferiores a un quilómetro e, entre estas, máis da metade presentan unha lonxitude de 500 metros. Tamén forman parte da rede viaria estradas ou tramos destas que funcionan coma rúas nos centros urbanos. Noutro extremo, existen estradas provinciais que deberían formar parte da rede autonómica, xa sexa por ser elementos de enlace entre vías autonómicas, por formar parte das conexións coas outras provincias galegas, ou por ser vías con características de uso máis apropiadas para o viario autonómico.

Por todo elo, a adecuación do tamaño da rede de estradas a unha dimensión acorde cos seus fins provinciais permitirá concentrar os esforzos nas vías que máis o necesiten, xa sexa polo seu risco potencial, ou para mellorar a súa capacidade e trazado ás características dos tráfico que soportan. A racionalización da rede tamén permitirá levar a cabo unha mellor conservación das estradas, o diminuír o número de quilómetros a manter.

Un paso necesario nesta racionalización tamén o constitúe a elaboración de normas e guías técnicas que permitan acadar unha maior homoxeneidade tanto nas obras que realice esta institución coma aquelas que, aínda que sexan executadas por outras administracións, afecten ás vías provinciais.

5.2.1.2. OE-2. Circulación segura de peóns

Un gran número de quilómetros das estradas da provincia serven de conexión entre pequenos núcleos tanto para o tráfico rodado coma para o peonil. En gran parte destas vías, os peóns non teñen outra forma de tránsito que non sexa utilizando a calzada, xa que non dispoñen de camiños alternativos. As sendas peonís, ou, cando non sexa posible a súa construción, as beiravías rebasables, supoñen unha gran diminución no risco de atropelos.

Aínda que na actualidade a rede provincial de estradas ten máis de 380 quilómetros de beirarrúas ou sendas peonís, é necesario seguir actuando neste campo para incrementar a seguridade viaria.



5.2.1.3. OE-3. Mellorar o nivel de servizo das vías provinciais

Debido ao establecemento de novos polos económicos ou a mellora da rede autonómica ou estatal, que non estaba prevista no momento da construción das vías provinciais, así como ao aumento de poboación en determinados puntos, algunhas estradas soportan na actualidade moito máis tráfico, tanto pesado coma de vehículos lixeiros, do previsto inicialmente na súa fase de deseño. Este aumento de tráfico, xunto a inadecuada xeometría da estrada provoca que, en determinadas circunstancias, se produzan accidentes e saídas da vía. Polo tanto, actuacións de ampliación e mellora de trazado destas vías son un elemento clave na seguridade do tráfico rodado.

5.2.1.4. OE-4. Mellorar a conservación

É indubidábel a influencia que ten a correcta conservación das estradas na prevención dos accidentes de tráfico. Aspectos coma o mal estado dos firmes ou as fallas na sinalización fan que aumente o risco de accidente, que pode verse incrementado pola falla de luz ou as malas condicións metereolóxicas. Unha actuación máis decidida e áxil na conservación das vías provinciais propiciará un aumento na seguridade do tráfico.

5.2.2. E-2. Acadar a excelencia operativa

A excelencia operativa é un enfoque que adoptan as organizacións que fai énfase nas melloras continuas en todos os aspectos e procesos dos negocios, incrementando a calidade, a eficacia e a eficiencia dos mesmos.

5.2.2.1. OE-5. Potenciar a transformación dixital

A incorporación de novas tecnoloxías coma a metodoloxía de Modelado de Información de Construcción (BIM – *Building Information Modeling*), o *Big Data* ou a Intelixencia Artificial á xestión da rede de estradas permitirá melloras significativas na mesma. Coa progresiva implantación destas tecnoloxías preténdese, por unha parte, diminuír os erros de deseño e de coordinación e xestión nas fases de deseño e de execución e, por outra, aumentar a cantidade de información dispoñible que posibiliten unha toma de decisións máis acorde ao estado real e uso das estradas.

Ademáis esta transformación dixital posibilitará tamén avanzar no mantemento predictivo das estradas cun reflexo inmediato na seguridade vial. Todo isto xerará unha mellora xeralizada na produtividade e na eficiencia no gasto público.

5.2.2.2. OE-6. Mellorar a financiación

A totalidade das actuacións que leva a cabo a Deputación nas estradas das que é titular son financiadas exclusivamente por fondos propios da institución provincial. Co propósito



incrementar estos fondos e poder acometer un maior número de actuacións na rede, este plan estratéxico establece dúas vías para este aumento:

- Desenvolver proxectos que permitan o acceso a fondos europeos e estatais que xeneren melloras nas infraestruturas provinciais e que fomenten o progreso económico e social da provincia. Dentro destes proxectos poderían estar, entre outras, actuacións que favorezan o transporte público, o emprego de firmes sostibles ou a preparación das infraestruturas para mobilidade eléctrica.
- Establecer unha taxa de ocupación do dominio público para aquelas distribuidoras de servizos que obteñen un beneficio pola súa actividade.

5.2.2.3. OE-7. Aumentar o nivel de execución orzamentaria

Un asunto recorrente en todas as administracións que teñen entre as súas competencias a xestión das infraestruturas é o baixo nivel de execución orzamentaria, derivado tanto dos prazos de redacción, aprobación e contratación das obras, como os prazos de execución das mesmas.

Co fin de reducir estos prazos e así aumentar o nivel de execución orzamentaria, actuarase en varios frentes, establecendo unha planificación anual para os proxectos de investimento, mellorando a coordinación interadministrativa e a cooperación coas demais administracións públicas implicadas nos proxectos de investimento nas estradas, así como incrementando a coordinación interna entre os propios servizos provinciais. Tamén revisaranse os procedementos internos de xestión para eliminar as ineficiencias dos procedementos, a incoherencia dos datos e as duplicidades.

En canto á redución dos prazos de execución das obras, procederase a establecer procedementos que axilicen a elaboración e aprobación dos proxectos modificados ou daquelas obras con rescisións de contrato e que necesiten unha pronta terminación das mesmas co fin de ocasionar as menores molestias posibles aos cidadáns, facendo uso, cando sexa o caso, da figura da execución con medios propios da administración.

5.2.3. E-3. Aumentar a comunicación e a transparencia

Tanto cidadáns coma os concellos da provincia, destinatarios principais da ampla e continua labor da Deputación en materia de estradas, descoñecen os esforzos realizados neste campo polo ente provincial. Na maioría dos casos, só son coñecedores daquelas actuacións polas que se ven directamente afectados, carecendo dunha imaxe de conxunto da actividade realizada.



5.2.3.1. OE-8. Mellorar a comunicación

Co gallo de mellorar a comunicación cos cidadáns e co resto da administración local da provincia, e transmitir as actuacións da Deputación na rede provincial, por unha parte establecerase un plan de comunicación para facer chegar ao público esta actividade de forma máis eficiente e mellorar a interlocución cos administrados. Por outra, se procederá á creación dunha páxina web que mostre aos usuarios a cartografía da rede, as zonas en obras, e o resto de datos relevantes relacionados, así coma normativas, organización, punto de contacto e todas aquelas características que se estimen convintes para unha óptima comunicación.

5.2.3.2. OE-9. Fomentar a transparencia

A Ley 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno establece no seu preámbulo que *"La transparencia, el acceso a la información pública y las normas de buen gobierno deben ser los ejes fundamentales de toda acción política. Sólo cuando la acción de los responsables públicos se somete a escrutinio, cuando los ciudadanos pueden conocer cómo se toman las decisiones que les afectan, cómo se manejan los fondos públicos o bajo qué criterios actúan nuestras instituciones podremos hablar del inicio de un proceso en el que los poderes públicos comienzan a responder a una sociedad que es crítica, exigente y que demanda participación de los poderes públicos"*.

Para dar resposta a esta demanda ampliárase, actualizárase e mellorárase o acceso á información relativa á rede de estradas e as actuacións que se leven a cabo nela.

5.3. Eixos transversais

Como se indicou anteriormente, o desenvolvemento dos eixos transversais acádase a través da combinación de distintos obxectivos estratéxicos pertencentes aos eixos estratéxicos anteriores, ademais da incorporación e obxectivos estratéxicos propios de cada un.

5.3.1. E-4. Incrementar a seguridade viaria

O incremento da seguridade viaria debe ser un compromiso ineludible de toda administración que sexa responsable dunha rede de estradas. A seguridade das vías provinciais debe establecerse segundo a vulnerabilidade dos usuarios das vías, incidindo en aqueles máis vulnerables: peóns e ciclistas, seguidos de motoristas, turismo e vehículos pesados.

Esta mellora de seguridade viaria levarase a cabo con actuacións coma a creación de itinerarios peonís seguros, ampliacións e melloras de trazado das vías, a conservación axeitada da rede ou mesmo mellorando os procesos internos para que estas actuacións se fagan realidade no menor tempo posible.



5.3.1.1. OE-10. Concienciar aos usuarios

Sen restarlle importancia á responsabilidade da administración responsable de cada unha das redes viarias do territorio polos accidentes ocorridos nelas, xa sexa como consecuencia dunha conservación deficiente, mala sinalización ou construción, non se pode obviar a actitude dos usuarios que transitan as vías. A falla de precaución, cruzamentos indebidos ou non respetar a sinalización son causas comúns de accidentes. Para diminuír este tipo de sinistros as administracións deben abordar as causas dende unha perspectiva preventiva, intentando concienciar dos perigos ás persoas que transitan polas vías, ben coma peóns ou coma condutores dalgún vehículo.

5.3.2. E-5. Fomentar o progreso económico e social

A provincia de A Coruña é a que ostenta un maior grado de actividade económica da comunidade galega. Para apoiar esta actividade, a rede viaria provincial debe contribuir ao progreso económico e social da provincia potenciando aquelas estradas que conecten polos empresariais e administrativos entre si ou coas poboacións nas que residen os traballadores e usuarios, en especial aqueles tramos que presenten un gran número de transporte pesado de mercadorías. De esta maneira, foméntase a mobilidade de traballos e mercadorías, así como a competitividade das empresas.

O turismo tamén conforma unha importante fonte de ingresos para os concellos. As estradas provinciais tamén teñen como función potenciar esta actividade facilitando o traslado ás zonas turísticas de especial relevancia natural, cultural ou etnográfica e proporcionando a información necesaria que permita aos viaxeiros percorrer estas zonas.

5.3.2.1. OE-11. Perseguir o equilibrio e solidariedade intermunicipais

As actuacións da Deputación en materia de estradas teñen repercusión inmediata na mellora da mobilidade e seguridade viaria nos concellos polos que transcorre a rede, xa sexa a través do investimento ou da conservación das vías. Pero esta actividade non alcanza á totalidade dos municipios da provincia, xa que un reducido número deles non contan no seu territorio con infraestrutura viaria provincial. Polo tanto, é preciso artellar os medios necesarios para paliar esta carencia, de tal xeito que estos concellos acaden un nivel de financiamento provincial apropiado e acorde coa súa rede municipal.

5.3.3. E-6. Apoiar o desenvolvemento do rural


A despoboación do entorno rural é unha constante de todo o territorio español nos últimos anos. Entre as causas que provocan este feito encóntrase a dificultade de transporte dende os núcleos de poboación pequenos aos de maior tamaño, que son os que acollen a meirande parte dos servizos públicos, empregos e centros educativos.



Plan Estratéxico de Estradas da Deputación Provincial da Coruña 2024 - 2029

No caso galego, os estudos do Instituto Galego de Estadística (IGE) demostran un desprazamento da poboación das zonas pouco pobladadas (ZPP) ás zonas de poboación intermedia nos últimos anos, como reflexa o seguinte gráfico do IGE.

Poboación segundo o grao de urbanización.
A Coruña. Anos 2000 e 2022



Unha política adecuada de investimento nas infraestruturas viarias provinciais, en combinación co resto de vías das demais entidades territoriais, contribuirá a atraer e fixar poboación no eido rural e non abandonar estes núcleos por áreas urbanas ao posibilitar, por unha parte, un mellor acceso aos servizos públicos e, por outra, mellores oportunidades de crecemento para as actividades económicas destas zonas.

5.3.3.1. OE-12. Mellorar a infraestrutura para o transporte público

Aínda que o transporte público non é unha competencia provincial, a Deputación de A Coruña pode contribuír a mellorar as condicións de uso dos usuarios do mesmo, a través da ampliación das calzadas, as melloras de trazados e de firmes ou mediante adecuación dos espazos de parada dos autobuses e elementos como marquesiñas.



Plan Estratéxico de Estradas da Deputación Provincial da Coruña 2024 - 2029

Eixos estratéxicos	Obxectivos estratéxicos	Liñas de actuación
E-1. Mellorar a rede viaria provincial	OE-1. Racionalizar a rede viaria provincial	LA-1. Transferencia con concellos
		LA-2. Transferencia coa Xunta de Galicia
		LA-3. Elaboración de normas e guías técnicas
	OE-2. Circulación segura de peóns	LA-4. Construción e mellora de sendas peonís e beiravías de seguridade
	OE-3. Mellorar o nivel de servizo das vías provinciais	LA-5. Ampliacións de calzada e melloras de trazado
		LA-6. Eliminación de puntos negros
		LA-7. Ampliación e rehabilitación de pontes
	OE-4. Mellorar a conservación	LA-8. Conservación Integral
		LA-9. Mellora da sinalización e o balizamento
		LA-10. Rehabilitación e mellora de firmes
E-2. Alcanzar a excelencia operativa	OE-5. Potenciar a transformación dixital	LA-11. Implantación de BIM (<i>Building Information Modelling</i>)
		LA-12. Creación dun xemelgo dixital da rede
	OE-6. Incrementar a financiación	LA-13. Definición de actuacións financiadas con fondos estatais e europeos
		LA-14. Estrabecemento dunha tasa de aproveitamento especial do dominio público
E-3. Aumentar a comunicación e a transparencia	OE-8. Mellorar a comunicación	LA-15. Redución do tempo das etapas da vida das obras
		LA-16. Establecemento dun plan de comunicación e participación cidadá
	OE-9. Fomentar a transparencia	LA-17. Creación dunha páxina web
Eixos transversais		LA-18. Creación dun informe de transparencia
E-4. Incrementar a seguridade viaria	OE-10. Concienciar aos usuarios	LA-19. Desenvolvemento de campañas de seguridade vial nos concellos
E-5. Fomentar o progreso económico e social	OE-11. Perseguir o equilibrio e soliedariedade intermunicipais	LA-20. Establecemento dunha liña de subvencións a concellos sen estradas provinciais
E-6. Apoiar o desenvolvemento do rural	OE-12. Mellorar a infraestrutura para o transporte público	LA-21. Paradas de transporte colectivo público en zonas rurais



5.4. Liñas de actuación

Para a consecución de cada obxectivo estratéxico definido se deseñan as liñas de actuación apropiadas. Estas liñas de actuación non se encontran ailladas unhas doutras, senón que están imbricadas de tal forma que os diferentes proxectos que as desenvolvan poden incluír aspectos de varias destas liñas, dende a súa concepción ata a finalización e traslado á organización e á cidadanía. É por elo que este conxunto de liñas de actuación non presenta criterios de precedencia dunhas fronte a outras. As liñas de actuación e son as seguintes:

- LA-1. Transferencia con concellos
- LA-2. Transferencia coa Xunta de Galicia
- LA-3. Elaboración de normas e guías técnicas
- LA-4. Construción e mellora de sendas peonís e beiravías de seguridade
- LA-5. Ampliacións de calzada e melloras de trazado
- LA-6. Eliminación de puntos negros
- LA-7. Ampliación e rehabilitación de pontes
- LA-8. Conservación integral
- LA-9. Mellora da sinalización e o balizamento
- LA-10. Rehabilitación e mellora de firmes
- LA-11. Implantación de BIM (*Building Information Modelling*)
- LA-12. Creación dun xemelgo dixital da rede
- LA-13. Definición de actuacións financiadas con fondos estatais e europeos
- LA-14. Establecemento dunha tasa de aproveitamento especial do dominio público
- LA-15. Redución dos prazos de aprobación , contratación e execución de obras
- LA-16. Establecemento dun plan de comunicación e participación cidadá
- LA-17. Creación dunha páxina web
- LA-18. Creación dun informe de transparencia
- LA-19. Desenvolvemento de campañas de seguridade vial nos concellos
- LA-20. Establecemento dunha liña de subvencións a concellos sen estradas provinciais
- LA-21. Paradas de transporte colectivo público en zonas rurais



LA-1. Transferencias con concellos

Eixos estratéxicos / transversais	Obxectivo estratéxico
E-1. Mellorar a rede viaria provincial	OE-1. Racionalizar a rede viaria provincial

Descrición

A Deputación da Coruña ten un elevado número de estradas de categoría local que transcorren por un único concello -239 estradas cun total de 852,26 qm.-, cunha gran parte delas con lonxitude reducida e pouco tránsito de vehículos. Por outra banda, outras estradas, ou tramos delas, están plenamente integradas no tecido urbano dos concellos, constituíndo, a tódolos efectos, rúas destas vilas.

A pertenza destas estradas á rede provincial implica que, por unha parte, todas as actuacións nas zonas de afección da estrada deban ser autorizadas pola Deputación, cos conseguintes inconvenientes para os concellos e os seus veciños e, por outra, que a institución provincial teña que detraer recursos para a conservación destas estradas e que deberían ser empregados na mellora do resto da rede.

A estas vías engadenselle numerosos ramais -que totalizan 29,5 qm.-, produtos na súa maior parte de antigos trazados das estradas orixinais e que agora non teñen uso como vías provinciais.

Polo tanto, é preciso acometer un proceso de transferencia de estradas aos concellos, previo acordo cos implicados, e de tal xeito que as estradas transferidas se encontren en boa condición de uso, sen que supoñan una carga inasumible para os concellos.

Actuacións

1. *Identificación de estradas susceptibles de traspaso en cada concello e do seu estado.*
2. *Determinación das propostas de transferencia e custe.*
3. *Formalización de convenios de transferencia cos concellos.*

Indicadores

1. *N.º de qm. transferidos a concellos*
2. *N.º de qm. recibidos de concellos*



Plan Estratéxico de Estradas da Deputación Provincial da Coruña 2024 - 2029

<i>LA-2. Transferencias coa Xunta de Galicia</i>	
<i>Eixos estratéxicos / transversais</i>	<i>Obxectivo estratéxico</i>
E-1. Mellorar a rede viaria provincial	OE-1. Racionalizar a rede viaria provincial
Descrición	
Dentro da estratexia de racionalización da rede, o establecemento dun acordo coa Xunta de Galicia para a transferencia de estradas entre ambas administracións é un feito indispensable para lograr que as redes viarias dos dous entes se axusten ás liñas para as que son concebidas. Por iso, partindo dunha proposta previa de acordo de transferencia, deben iniciarse os contactos coa administración autonómica para chegar a un novo acordo que recolla as estradas susceptibles de transmisión, así como as súas condicións.	
Actuacións	
<i>Identificación de estradas susceptibles de traspaso coa Xunta de Galicia e do seu estado.</i> <i>Determinación das propostas de transferencia e custe.</i> <i>Formalización dun convenio de transferencia coa Xunta de Galicia.</i>	
Indicadores	
<i>N.º de qm. transferidos á Xunta de Galicia.</i> <i>N.º de qm. recibidos da Xunta de Galicia.</i>	



Plan Estratéxico de Estradas da Deputación Provincial da Coruña 2024 - 2029

LA-3. Elaboración de normas e guías técnicas	
Eixos estratéxicos / transversais	Obxectivo estratéxico
E-1. Mellorar a rede viaria provincial E-4. Incrementar a seguridade viaria	OE-1. Racionalizar a rede viaria provincial
Descrición	
A falla do establecemento de normas e guías técnicas referidas ás estradas provinciais provocan que boa parte das propostas técnicas para a actuacións nas vías provinciais redactadas por terceiros carezan de homoxeneidade. Isto tamén provoca retrasos na aprobación dos proxectos, ben sexa nos que asume a Deputación coma propios para a súa execución, o aqueles financiados e e executados por terceiros, o que, á súa vez, conleva tamén aumentos na carga de traballo para os técnicos provinciais e os alleos. Dende a Deputación elaborárase un catálogo de normas e guías técnicas, modelos de prescricións técnicas para a súa aplicación aos proxectos que se redacten polos servizos técnicos ou sexan licitados, direccións de obra, etc. así como para os que presenten tanto distintas administracións coma particulares e nas que se reflexen, de forma clara e concisa os criterios para aquelas actuacións relacionadas coas vías provinciais. Todo elo sen prexuízo de que, ante intervencións en espazos singulares como poden ser cascos históricos, ou zonas de especial valor ambiental, se permitan medidas singulares para a integración das obras no entorno.	
Actuacións	
1. <i>Elaboración de normativa e guías</i> 2. <i>Difusión das mesmas aos interesados (estudos de enxeñería, concellos, colexio de enxeñeiros, etc.)</i>	
Indicadores	
1. <i>N.º de normas elaboradas</i>	



LA-4. Construción e mellora de de sendas peonís e beiravías de seguridade	
Eixos estratéxicos / transversais	Obxectivo estratéxico
E-1. Mellorar a rede viaria provincial E-4. Incrementar a seguridade viaria E-5. Fomentar o progreso económico e social E-6. Apoiar o desenvolvemento do rural	OE-2. Circulación segura de peóns
Descrición	
A provincia da Coruña, o mesmo que o resto de Galicia, presenta unha gran dispersión poboacional, en donde as estradas -municipais, provincial e autonómicas- son as vías naturais de comunicación entre os distintos núcleos e entre estos e a cabeceira do concello. As sendas peonís nas zonas rurais serven, ademais para favorecer a actividade física mediante os paseos, para mellorar a conexión entre núcleos de poboación e cos servizos coma transporte público, colexios ou cemiterios entre outros. Co fin de aumentar a seguridade dos peóns que utilizan as vías provinciais e, o mesmo tempo, contribuir á diminución do uso dos vehículos automóbiles, faise preciso fortalecer a política de creación de itinerarios seguros para peóns nas vías, que contribuirá á redución da accidentalidade dos mesmos, ao diminuír o risco de atropelo ó evitar o tránsito peonil pola calzada.	
Actuacións	
1. Construción de sendas nas marxes das estradas provinciais. 2. Construción de beiravías de seguridade. 3. Mellora de sinalización e balizamento das sendas peonís.	
Indicadores	
1. Número de qm. construídos de sendas peonís. 2. Número de qm. construídos de beiravías de seguridade. 3. Datos de accidentalidade de peóns.	



LA-5. Ampliacións de calzada e melloras de trazado	
Eixos estratéxicos / transversais	Obxectivo estratéxico
E-1. Mellorar a rede viaria provincial E-4. Incrementar a seguridade viaria E-5. Fomentar o progreso económico e social	OE-3. Mellorar o nivel de servizo das vías provinciais.
Descrición	

Un gran número de vías provinciais, aproximadamente o 47% da rede, presenta anchos de calzada inferior aos seis metros, co consecuente perigo para o cruzamento de vehículos, especialmente cando un deles (ou os dous no peor caso) é un vehículo pesado, coma un tractor, un camión ou un autobús.

Ademáis, as estradas provinciais presentan nalgúns casos dimensións ou xeometrías inadecuadas para os tipos de tráfico que soportan -ou previsiblemente soportarán nun futuro próximo-, sobre todo aquelas cunha intensidade alta de tráfico de vehículos pesados.

Tamén entra dentro desta problemática o redimensionamento e adecuación das interseccións e accesos ás estradas provinciais, co gallo de mellorar a seguridade nestes puntos.

Polo tanto, faise necesario acometer un programa de ampliacións de calzada, mellora de trazados e mellora de accesos e interseccións que palíen, na medida do posible e en función dos tráfico actuais e previstos, os problemas derivados das reducidas dimensións ou da xeometría das vías afectadas.

Actuacións

1. *Ampliacións de calzada en entornos rurais co obxectivo de reducir a porcentaxe de quilómetros das vías con ancho menor de 6 m.*
2. *Ampliacións de calzada en estradas con gran intensidade de tráfico pesado.*

Indicadores

1. *Porcentaxe de ancho das vías.*
2. *Número de accesos mellorados.*
3. *Número de qm afectados por ampliación da calzada.*



LA-6. Eliminación de puntos negros	
Eixos estratéxicos / transversais	Obxectivo estratéxico
E-1. Mellorar a rede viaria provincial E-4. Incrementar a seguridade viaria	OE-3. Mellorar o nivel de servizo das vías provinciais.
Descrición	

A Dirección Xeral de Tráfico considera punto negro: *“aquel emplazamiento perteneciente a una calzada de una red de carreteras en el que durante un año natural se hayan detectado 3 o más accidentes con víctimas con una separación máxima entre uno y otro de 100 m”*.

Por outra banda, un tramo de concentración de accidentes é aquel tramo da rede que presenta un risco de accidente significativamente superior á media de tramos de características semellantes, e no que, previsiblemente, unha actuación de mellora da infraestrutura pode conducir a una redución efectiva da accidentalidade.

Traballar na identificación e eliminación destes puntos e tramos, é preciso para acadar unha importante redución na siniestralidade na rede viaria provincial.

Actuacións

1. *Seguemento da siniestralidade na rede para detectar rapidamente estes puntos.*
2. *Definición e execución de proxectos de obras de investimento para eliminar puntos negros e tramos de concentración de accidentes.*

Indicadores

1. *Siniestralidade en tramos e puntos quilométricos.*
2. *Número de actuacións.*



LA-7. Ampliación e rehabilitación de pontes	
Eixos estratéxicos / transversais	Obxectivo estratéxico
E-1. Mellorar a rede viaria provincial E-4. Incrementar a seguridade viaria E-5. Fomentar o progreso económico e social.	OE-3. Mellorar o nivel de servizo das vías provinciais.
Descrición	

As pontes constitúen elementos singulares das estradas que teñen como función dar continuidade á mesma mediante a circulación a distinto nivel, no caso de cruzamentos con obstáculos naturais (normalmente cauces) de augas outras vías (ferroviarias ou estradas).

Non consta na Deputación un inventario actualizado das pontes na rede provincial, no que se contemple o seu estado actual ou a súa adecuación ás características do tráfico da vía na que se sitúan e que pode non coincidir coas intensidades para as que foron proxectadas no seu momento. Ademais, moitas destas pontes constitúen un lugar de paso necesario para os peóns que non permiten o tránsito seguro destes usuarios polas mesmas, tendo que atravesalas pola calzada.

Actuacións

1. *Elaboración dun estudo do estado e das necesidades das pontes da rede.*
2. *Definición e execución de proxectos de obras de conservación e de investimento nas pontes que o precisen.*

Indicadores

1. *Número de actuacións.*



Plan Estratéxico de Estradas da Deputación Provincial da Coruña 2024 - 2029

LA-8. Conservación integral	
Eixos estratéxicos / transversais	Obxectivo estratéxico
E-1. Mellorar a rede viaria provincial E-4. Incrementar a seguridade viaria	OE-4. Mellorar a conservación.
Descrición	
O propósito da conservación integral de carreteras é establecer actuacións de carácter preventivo que redunden nunha menor degradación da rede e, polo tanto, nunha redución da accidentalidade, así coma nunha diminución dos costes de conservación por quilómetro. A adopción deste modelo de conservación integral tamén permitirá establecer un sistema de xestión de incidencias que permita unha mellor planificación dos traballos e fará máis áxil a resolución das mesmas.	
Actuacións	
1. Formalización dun contrato de conservación integral de vías provinciais.	
Indicadores	
1. Porcentaxe de incidencias atendidas en prazo con respecto ao total de incidencias producidas.	
2. Gasto de conservación por quilómetro.	



Plan Estratéxico de Estradas da Deputación Provincial da Coruña 2024 - 2029

LA-9. Mellora da sinalización e balizamento	
Eixos estratéxicos / transversais	Obxectivo estratéxico
E-1. Mellorar a rede viaria provincial E-4. Incrementar a seguridade viaria	OE-4. Mellorar a conservación.
Descrición	
A sinalización, tanto vertical coma horizontal, e o balizamento das estradas constitúen uns dos elementos fundamentais para a prevención de accidentes de circulación. Os seus obxectivos son a mellora da seguridade, da comodidade e da eficacia da conducción, así coma axudar á orientación dos condutores. Por elo, é imprescindible acometer unha actuación decidida neste campo mediante a substitución daqueles elementos en mal estado, reforzando a sinalización e o balizamento naqueles puntos máis perigosos e mellorando a información que se presenta aos usuarios das vías provinciais.	
Actuacións	
1. <i>Revisión do estado actual da sinalización e balizamento.</i> 2. <i>Formalización de contrato de subministro de sinalización.</i> 3. <i>Reforzo especial de sinalización en zonas peonís.</i> 4. <i>Sinalización informativa (estradas, localidades, zonas turísticas, etc.).</i>	
Indicadores	
1. <i>Elementos de sinalización e balizamento instalados e repostos.</i>	



LA-10. Rehabilitación e mellora de firmes	
Eixos estratéxicos / transversais	Obxectivo estratéxico
E-1. Mellorar a rede viaria provincial E-4. Incrementar a seguridade viaria	OE-4. Mellorar a conservación.
Descrición	

As inclemencias metereolóxicas, o tráfico de vehículos pesados, os erros de deseño ou unha conservación ineficaz son elementos que inflúen en gran medida no deterioro das estradas. Os firmes en mal estado supoñen un grave problema para a seguridade na circulación dos usuarios das estradas, xa que, aparte de producir incomodidade na conducción, diminúe a resistencia ao deslizamento e provoca desprendementos de partículas que poden afectar ao resto dos vehículos que transitan pola calzada. Este mal estado tamén provoca aumentos no consumo dos combustibles e diminucións na vida útil dos vehículos.

Polo tanto, é preciso acometer un programa concreto de reparación e mellora de firmes para aumentar a seguridade viaria e para adecuar as estradas ás características dos vehículos que utilizan cada unha das vías provinciais. Este programa terá como beneficio adicional un aumento do período de conservación da estrada coa conseguinte redución do gasto empregado na mesma.

Actuacións
1. Proxectos de reforzos e mellora de firmes.
Indicadores
1. Número de quilómetros afectados por reforzos e melloras de firmes.



LA-11. Implantación de BIM (Building Information Modelling)

Eixos estratéxicos / transversais	Obxectivo estratéxico
E-2. Alcanzar a excelencia operativa	OE-5. Potenciar a transformación dixital

Descrición

A metodoloxía BIM (*Building Information Modelling*), a través dun enfoque colaborativo, emprega modelos dixitais tridimensionais que conteñen información detallada dos distintos aspectos dos proxectos como son os xeométricos, datos de materiais ou custos.

Mediante a implantación de BIM preténdese que as fases de planificación, deseño, construción e a xestión das estradas se realicen a través desta metodoloxía. Deste xeito lograrase unha xestión máis eficiente das infraestruturas.

Actuacións

1. Programa de implantación progresiva de BIM.

Indicadores

1. Porcentaxe de cumprimento da implantación de BIM.



LA-12. Creación dun xemelgo dixital da rede	
Eixos estratéxicos / transversais	Obxectivo estratéxico
E-2. Alcanzar a excelencia operativa	OE-5. Potenciar a transformación dixital
Descrición	
Coa finalidade de mellorar tanto a planificación das obras coma a xestión diaria das actuacións nas estradas provinciais é preciso avanzar na dixitalización mediante a implantación de sistemas de intelixencia artificial, big data, xemelgos dixitais, IOT, etc. Gracias a estas tecnoloxías poderase recoller e analizar grandes cantidades de datos sobre o estado das infraestruturas, patróns de tráfico, e outros datos similares para identificar aqueles puntos precisos de mantemento ou estradas que demanden investimentos para adaptarse ás súas condicións reais de uso. Mediante á creación dun xemelgo dixital da rede viaria facilitarase a actividade administrativa, a redacción de proxectos e as labores de conservación da mesma. Tamén será importante para ter unha actualización constante e un incremento na recollida de datos das estradas.	
Actuacións	
1. Formalización dun contrato de creación dun xemelgo dixital da rede.	
Indicadores	
1. Grado de dixitalización da rede. 2. Número de variables recollidas.	

*LA-13. Definición de actuacións financiadas con fondos estatais e europeos*

<i>Eixos estratéxicos / transversais</i>	<i>Obxectivo estratéxico</i>
E-2. Alcanzar a excelencia operativa	OE-6. Incrementar a financiación
<i>Descrición</i>	

Históricamente a Deputación de A Coruña dependeu únicamente dos seus fondos propios para financiar as distintas obras de investimento nas estradas provinciais. Sen embargo, a solicitude e posterior concesión de fondos da Administración do Estado e Europeos xa se levou a cabo na Deputación para outros investimentos que permitiron levarlos a cabo.

Asemade, estos fondos presentan distintas vertentes a través das cales se poden financiar outros aspectos do plan estratéxico.

Debido a isto, establecerase unha programación a medio prazo das actuacións susceptibles de financiamento a través dos diversos programas de financiamento dirixidos ás entidades locais.

Actuacións

1. *Colaboración coa Oficina Next (ou similar) para a búsqueda de fondos.*
2. *Programación a medio prazo de actuacións susceptibles de financiamento.*

Indicadores

3. *Número de proxectos financiados.*
4. *Importe da financiación externa.*

**LA-14. Establecemento dunha taxa de aproveitamento especial do dominio público**

Eixos estratéxicos / transversais	Obxectivo estratéxico
E-2. Alcanzar a excelencia operativa	OE-6. Incrementar a financiación

Descrición

De igual forma que está a acontecer noutras administracións locais, elaborárase unha ordenanza fiscal que estableza e regule unha taxa de aproveitamento especial do dominio público polas compañías subministradoras de servizos de interese xeral.

Actuacións

1. Creación e/ou modificación da ordenanza reguladora da taxa.

Indicadores

1. Número de expedientes.
2. Número de sancións.
3. Importes recaudados pola taxa.



Plan Estratéxico de Estradas da Deputación Provincial da Coruña 2024 - 2029

<i>LA-15. Redución do tempo das etapas da vida das obras</i>	
<i>Eixos estratéxicos / transversais</i>	<i>Obxectivo estratéxico</i>
E-4. Incrementar a seguridade viaria E-5. Fomentar o progreso económico e social.	OE-7. Aumentar o nivel de execución orzamentaria
<i>Descrición</i>	

As etapas da vida das obras abranguen dende a decisión de levar a cabo un proxecto até o arquivo dos expedientes das mesmas. Os sucesivos retrasos nas distintas fases destas etapas producen unha ampla variedade de efectos, dende distorsións nas programacións das actuacións anuais ata incrementos nos custos das mesmas. Tamén son factores que causan prexuízos aos cidadáns afectados pola mesma, xa sexa pola maior duración dos inconvintes que teñen que sufrir durante a execución das obras, ou por non ver cumprir as expectativas de mellora da súa calidade de vida nun tempo razoable.

Aínda que unha ampla porcentaxe dos retrasos producidos son alleos á Deputación -como é o caso da obtención de autorizacións de outras administracións ou a execución dos servizos afectados-, non ten dúbida que na organización provincial se producen ineficiencias que deben ser solventadas polos servizos implicados nesta xestión.

Polo tanto, é oportuno o establecemento das comisións de traballo precisas entre os distintos servizos afectados para analizar cada unha das etapas da vida das obras e mellorar os distintos procedementos co fin de eliminar as ditas ineficiencias, achegar os tempos reais aos presupostados, e así aumentar o nivel de execución orzamentaria dos proxectos de obras.

Actuacións

1. *Constitución de comisións de traballo dos servizos implicados na xestión das obras.*
2. *Análise, proposta e execución dos cambios do procedemento.*

Indicadores

1. *Nivel de execución orzamentaria.*
2. *Variables temporais claves no procedemento.*



LA-16. Establecemento dun plan de comunicación e participación cidadá

Eixos estratéxicos / transversais	Obxectivo estratéxico
E-3. Aumentar a comunicación e a transparencia	OE-8. Mellorar a comunicación
Descrición	

O plan de comunicación é un instrumento que precisa os medios de comunicación, canles e público obxectivo a través dos que se transmitirá a información relevante relativa a rede de estradas, coma a súa situación, estado, actuacións previstas, en curso ou realizadas nas estradas ou o destino dos fondos provinciais

O establecemento deste plan de comunicación permitirá a planificación dos recursos humanos e materiais da Deputación para levar a cabo as distintas accións comunicativas dun xeito ordenado e estratéxico.

A participación cidadá deberá ir da man das actividades comunicativas, pois deste xeito a administración poderá incluír as iniciativas das distintas asociacións relacionadas con este ámbito

Actuacións

1. *Deseño e posta en marcha do plan de comunicación.*

Indicadores

1. *Cobertura de audiencias obxectivo.*



Plan Estratéxico de Estradas da Deputación Provincial da Coruña 2024 - 2029

LA-17. Creación dunha páxina web	
Eixos estratéxicos / transversais	Obxectivo estratéxico
E-3. Aumentar a comunicación e a transparencia	OE-8. Mellorar a comunicación
Descrición	

Como complemento do plan de comunicación, é necesario dotar ó Servizo dun instrumento que permita ofrecer aos usuarios (cidadáns, administracións, empresas) información relevante e actualizada da rede de estradas, como poden ser datos xeométricos e xeográficos das estradas, localización de obras en curso ou proxectadas, proxectos de expropiación, datos de tráfico, normativa e guías, entre outros.

Este instrumento tomará a forma dunha páxina web do Servizo, integrada no portal da Deputación, que será actualizada constantemente en función das incidencias nas vías provinciais.

Actuacións

1. *Deseño e creación dunha páxina web.*

Indicadores

1. *Indicadores de rendemento da páxina (visitas, tempo de permanencia, etc).*



Plan Estratéxico de Estradas da Deputación Provincial da Coruña 2024 - 2029

<i>LA-18. Creación dun informe de transparencia</i>	
<i>Eixos estratéxicos / transversais</i>	<i>Obxectivo estratéxico</i>
E-3. Aumentar a comunicación e a transparencia	OE-9. Fomentar a transparencia
<i>Descrición</i>	

A Deputación dispón na actualidade dun Portal de Transparencia no que consta a información dos seus distintos sectores de actividade. Sen embargo, esta información non está agrupada por áreas de traballo e resulta difícil acceder de forma sinxela á información relevante da área desexada.

Como modo de fomentar a transparencia, establecerase a forma de publicación periódica no Portal de Transparencia, de forma diferenciada, de toda a información relevante do Servizo de Vías e Obras coma organización, proxectos, contratos, información económica e orzamentaria, etc.

Actuacións

1. *Creación do informe de transparencia dentro do Portal de Transparencia da Deputación.*

Indicadores

1. *Porcentaxe de indicadores incluídos con referencia aos determinados no ITA (Índice de Transparencia de Ayuntamientos).*



Plan Estratéxico de Estradas da Deputación Provincial da Coruña 2024 - 2029

<i>LA-19. Desenvolvemento de campañas de seguridade vial nos concellos</i>	
<i>Eixos estratéxicos / transversais</i>	<i>Obxectivo estratéxico</i>
E-4. Incrementar a seguridade viaria E-5. Fomentar o progreso económico e social. E-6. Apoiar o desenvolvemento do rural	OE-10. Concienciar aos usuarios
<i>Descrición</i>	
Como complemento ás actuacións en materia de seguridade nas estradas da Deputación, é importante concienciar tamén aos usuarios dun uso responsable das vías provinciais, xa sexa como peóns, ciclistas ou condutores dalgún tipo de vehículo. Con este obxectivo desenvolveranse campañas informativas mediante charlas, folletos e calquera medio apropiado, especialmente nos pequenos concellos.	
<i>Actuacións</i>	
1. <i>Formalización dun contrato de deseño e execución das campañas informativas.</i>	
<i>Indicadores</i>	
1. <i>Número de usuarios</i>	



Plan Estratéxico de Estradas da Deputación Provincial da Coruña 2024 - 2029

LA-20. Establecemento dunha liña de subvencións a concellos sen estradas provinciais

<i>Eixos estratéxicos / transversais</i>	<i>Obxectivo estratéxico</i>
E-4. Incrementar a seguridade viaria E-5. Fomentar o progreso económico e social. E-6. Apoiar o desenvolvemento do rural	OE-11. Perseguir o equilibrio e solidariedade intermunicipais

Descrición

As medidas que toma a Deputación da Coruña con respecto á súa rede viaria teñen un reflexo inmediato nas zonas afectadas, mellorando as condicións das vías para contribuir ao progreso económico e social dos concellos.

Sen embargo, na provincia hai concellos —na actualidade son A Capela, Carnota e Fisterra— que non se ven beneficiados desta actuacións en ningún momento xa que as estradas provinciais non discorren por ningún destes municipios.

Considerando os efectos beneficiosos para os territorios que ten a actuación nas vías de comunicación, e non querendo deixar a ningún concello atrás, dende a Deputación abrírase unha liña de subvencións a estos concellos que permitan a mellora das súas estradas municipais, sempre dentro das liñas marcadas por este Plan Estratéxico de Estradas. Esta liña contará cun grao de financiación provincial e unhas condicións a determinar nas bases específicas de esta convocatoria

Actuacións

1. *Elaboración e aprobación das bases da convocatoria.*

Indicadores

1. *Importes da convocatoria.*
2. *Número de quilómetros afectados.*



LA-21. Paradas de transporte colectivo público en zonas rurais	
Eixos estratéxicos / transversais	Obxectivo estratéxico
E-4. Incrementar a seguridade viaria E-5. Fomentar o progreso económico e social. E-6. Apoiar o desenvolvemento do rural	OE-12. Mellorar a infraestrutura para o transporte público
Descrición	
O transporte colectivo é un medio de transporte de suma importancia na provincia debido á dispersión da poboación e contribúe a mellorar a mobilidade, conectando ás persoas con servizos esenciais, coma centros educativos ou de saúde. Aparte das medidas que se levarán a cabo na infraestrutura viaria coma ampliacións de calzada ou melloras de trazado, a adecuación das paradas no rural mediante a ampliación do espazo de parada ou a reposición ou colocación de marquesiñas e sinalización constitúe una contribución importante para o benestar da poboación, especialmente no rural.	
Actuacións	
1. <i>Determinación de paradas necesitadas de actuación.</i> 2. <i>Formalización dun contrato de adecuación das paradas.</i>	
Indicadores	
1. <i>Porcentaxe de paradas de autobús acondicionadas.</i>	



6. Xestión do Plan

6.1. Gobernanza e sistema de seguemento e avaliación

O Servizo de Vías e Obras será o encargado de coordinar cos diferentes servizos provinciais a execución e seguemento do Plan Estratéxico, baixo a dirección da presidenta (ou presidente, no seu caso) da Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais. Co fin de realizar un seguemento, control e avaliación do Plan, constituirase unha Comisión de Seguemento do Plan Estratéxico de Estradas, presidida pola presidenta da Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais e da que formarán parte o xefe do servizo de Vías e Obras, o Interventor Xeral e, actuando coma secretario da comisión, o xefe do servizo de Patrimonio e Contratación. A comisión poderá requirir os informes que consideren necesarios dos distintos servizos provinciais en relación coa xestión e avaliación do Plan.

As súas funcións serán:

- Evaluación do cumprimento do Plan Estratéxico.
- Proposta de modificacións nas liñas de actuación (cambios nas liñas en vigor, novas liñas, supresión de liñas) ou na xestión do Plan, mantendo sempre os obxectivos estratéxicos xerais. Estas propostas de modificacións poderán ser aprobadas pola Xunta de Goberno, e deberán axustarse á Lei, ás bases de execución do orzamento da Deputación, e a os orzamentos do correspondente exercicio.

A periodicidade das reunións da Comisión de Seguemento será de seis meses. Trala avaliación do Plan por parte da Comisión darase conta do estado de execución do Plan e dos principais indicadores do mesmo ao Pleno da Deputación. Estes datos serán publicados posteriormente no portal de transparencia da Deputación.

6.2. Investimentos

Os investimentos que se prevexan executar como parte das liñas de actuación:

- LA-1. Transferencias con concellos
- LA-4. Construción e mellora de sendas peonís e beiravías de seguridade
- LA-5. Ampliacións de calzada e melloras de trazado
- LA-6. Eliminación de puntos negros
- LA-7. Ampliación e rehabilitación de pontes

conformarán a planificación que será aprobada anualmente polo pleno da Deputación conxuntamente cos orzamentos. A planificación anual poderá ser modificada mediante acordo plenario no caso de incorporación de novos créditos ou modificacións das partidas orzamentarias destinadas ao desenvolvemento do Plan.



Plan Estratéxico de Estradas da Deputación Provincial da Coruña 2024 - 2029

Para cada un dos proxectos incluídos na planificación, especificarase:

- a. Código de proxecto.
- b. Denominación.
- c. Ano de inicio e ano de finalización previsto.
- d. Importe total previsto.
- e. Anualidade prevista para cada exercicio.
- f. Tipo de financiamento, determinando se é financiado con recursos xerais ou con ingresos afectados.
- g. Previsible vinculación dos créditos asignados.
- h. Liña de actuación do Plan Estratéxico de Estradas á que corresponde.
- i. Tipo de proxecto: iniciativa propia ou conxunta.
- j. Etapa da xestión dos proxectos na que se atopan:
 - Redacción: pendentes da redacción do proxecto e da solicitude das correspondentes autorizacións sectoriais.
 - Expropiación: proxectos redactados e coas autorizacións necesarias xa solicitadas, pendentes de expropiación e da obtención das autorizacións sectoriais.
 - Pendentes de aprobación definitiva: proxectos redactados que contan con dispoñibilidade de terreos e as autorizacións sectoriais necesarias.

O servizo de Vías e Obras elaborará unhas bases dun Plan de Investimentos para a súa aprobación, no segundo trimestre do ano 2024, por parte do Pleno da Deputación. Nestas bases definiranse as condicións e trámites necesarios para levar a cabo a aprobación e posterior execución dos proxectos de investimento. Así, concretaranse, entre outras cuestións:

- A posibilidade de cofinanciamento das obras por parte doutras administracións.
- A posibilidade de establecer convenios de colaboración para a execución conxunta de obras provinciais e doutras administracións.
- A regulación dos convenios de transferencia de estradas, tramos, elementos funcionais e/ou espazos da zona de dominio público adxacente das mesmas en favor dos concellos interesados cando impliquen a necesidade de realizar obras de investimento.
- A ponderación dos criterios de selección dos investimentos.

6.2.1. Proxectos de iniciativa propia

A Deputación, en exercicio das súas competencias, incluírá aqueles proxectos que considere de interese provincial, xustificando oportunamente a súa necesidade en función dos criterios



de selección de investimentos que se detallan no apartado 6.2.3 deste plan. Estes proxectos poderán estar incluídos nas seguintes liñas de actuación:

- LA-1. Transferencias con concellos
- LA-4. Construción e mellora de sendas peonís e beiravías de seguridade
- LA-5. Ampliacións de calzada e melloras de trazado
- LA-6. Eliminación de puntos negros
- LA-7. Ampliación e rehabilitación de pontes

Nestas actuacións, os servizos técnicos provinciais asumirán —mediante medios propios ou externos, se é o caso— todo o proceso de preparación do proxecto: redacción, obtención das correspondentes autorizacións, dispoñibilidade dos terreos, etc.

6.2.2. Proxectos de iniciativa conxunta

Previo acordo entre o goberno provincial e os concellos interesados, éstos poderán solicitar á Deputación a realización de investimentos en estradas provinciais que discorran polo seu termo municipal nos que o propio concello asume a redacción do proxecto e a obtención das autorizacións necesarias. Os proxectos que se presenten adscribiranse a unha ou varias das seguintes liñas de actuación:

- LA-1. Transferencias con concellos
- LA-4. Construción e mellora de sendas peonís e beiravías de seguridade
- LA-5. Ampliacións de calzada e melloras de trazado

Unha vez redactados, os proxectos deberán ser supervisados favorablemente polos servizos técnicos provinciais que tamén valorarán o grado de cumprimento dos criterios de selección de seguridade e rendabilidade expostos no seguinte apartado.

Os proxectos de iniciativa conxunta serán incluídos na programación anual en función da dispoñibilidade orzamentaria prevista para este fin específico no exercicio, a súa prioridade, e sempre atendendo a un adecuado reparto das actuacións no territorio da provincia.

6.2.3. Criterios de selección dos investimentos

Debido á falla, na actualidade, de datos obxectivos cuantificables numericamente que permitan establecer un valor determinado para cada un dos criterios, faise preciso adoptar un enfoque cualitativo na selección de investimentos para cada unha das diversas fases do plan. Por isto, a selección dos proxectos de investimento incluídos en cada unha das distintas fases que correspondan á execución das liñas de actuación afectadas se xustificará en base a os seguintes criterios:



Plan Estratéxico de Estradas da Deputación Provincial da Coruña 2024 - 2029

- **Seguridade.** O criterio de seguridade implica que terán maior prioridade aquelas actuacións que máis incidan na redución de sinistralidade, e priorizando a vulnerabilidade dos usuarios das vías. Tamén se tomarán en consideración neste criterio as actuacións que, sin contar con datos de sinistralidade elevados, podan reducir os riscos potenciais de accidente mediante actuacións na xeometría da vía ou da súa capacidade.
- **Impacto socioeconómico.** O impacto socioeconómico cualifica o grao de afección dunha actuación sobre o tecido social ou económico da zona na que se desenvolve, así como a súa adecuación aos obxectivos xerais da provincia.
- **Rendibilidade.** A rendibilidade establécese como un criterio que evalúa a relación entre o custo previsto pola realización e conservación posterior dunha obra e o seu efecto estimado —ben en referencia ao número e tipo dos usuarios afectados, ou ben referido á redución de tempos estimada que se persegue—, ao longo da vida útil da obra.


A ponderación destes criterios determinarase nas bases do Plan de Investimentos anual. Para o cálculo das prioridades se terá en conta, ademáis dos criterios mencionados, a posible financiación dos proxectos con fondos alleos á propia Deputación, a cesión de estradas en favor dos concellos, ou a dispoñibilidade de terreos para a execución das obras.



6.3. Financiamento do Plan

Para o financiamento do plan no período 2024 - 2029 estímase un orzamento anual promedio de 42,1 millóns de euros, —variable en función da amplitude e necesidades da rede viaria provincial—, a través de dúas fontes principais:

- As partidas do Servizo de Vías e Obras. No período 2019 - 2023 estas partidas tiveron un orzamento promedio de 38,4 millóns de euros, contando cos orzamentos iniciais, suplementos de créditos e créditos extraordinarios.
- Fontes de financiación externas, tanto nacionais coma europeas.



A financiación das principais liñas de actuación farase con cargo ás seguintes partidas do orzamento:

Liña de actuación	Partida
Transferencias a concellos	0410/4538/61900
Transferencias a Xunta de Galicia	0410/4538/61900
Sendas peonís	0410/4535/60900
Ampliacións, melloras de trazado, etc.	0410/4531/60900
Sinalización e balizamento	0410/4531/62500
	0410/4531/63500
Melloras de firmes	0410/4531/61900
Conservación integral	0410/4531/61900
Transformación dixital	0410/4501/64100
Plan de comunicación e participación cidadá	0410/4501/22602
	0410/4501/64000
Campañas seguridade vial	0410/4501/22799
Subvencións a concellos s/estradas prov.	0410/4538/76201
Paradas transporte colectivo	0410/4531/62500
	0410/4531/63500




Plan Estratéxico de Estradas da Deputación Provincial da Coruña 2024 - 2029

A previsión orzamentaria para a totalidade do período 2024-2029 é a seguinte¹:

Liña de actuación	Importe total
Transferencias a concellos	18.426.377,10 €
Transferencias a Xunta de Galicia	29.144.080,68 €
Sendas peonís	11.137.703,97 €
Ampliacións, melloras de trazado, etc.	47.136.975,90 €
Sinalización e balizamento	10.205.596,90 €
Melloras de firmes	15.062.324,27 €
Conservación integral	70.602.805,00 €
Transformación dixital	1.122.720,00 €
Plan de comunicación e participación cidadá	1.250.000,00 €
Campañas seguridade vial	500.000,00 €
Subvencións a concellos s/estradas prov.	2.381.896,65 €
Paradas transporte colectivo	3.520.000,00 €
	210.490.460,47 €
Anual	42.098.092,09 €

5 anos



¹ Con prezos de decembro de 2023



6.- Aprobación da primeira prórroga da fase 2 do contrato de modernización da infraestrutura do CPD da Deputación Provincial da Coruña e creación do centro de respaldo, consistente nos servizos de soporte e mantemento proactivo e de soporte á operación, que será realizada polo adxudicatario do contrato principal INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º) Aprobar a primeira prórroga da FASE 2 do contrato de MODERNIZACIÓN DA INFRAESTRUTURA DO CPD DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E CREACIÓN DO CENTRO DE RESPALDO. CÓDIGO EXPEDIENTE: PCO.001.2018.00425, consistente nos servizos de soporte e mantemento proactivo e de soporte a operación, que será realizada polo adxudicatario do contrato principal INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U., con NIF B62758602 e domicilio na Avda. Barcelona, 115; San Joan Despí, 08970 Barcelona, nas seguintes condicións:

- 1.1. Prazo: Do **1 de maio de 2024 ao 30 de abril de 2025**.
- 1.2. Orzamento anual: 17.895,90 € IVE/IVE incluído
- 1.3. O orzamento da parte variable é máximo e non supón un compromiso para a Deputación que poderá utilizalo ou non, en función das súas necesidades.
- 1.4. Condicións: Segundo os pregos aprobados mediante Resolución de Presidencia nº 7060 con data do 21/02/2020 e a oferta presentada pola empresa.
- 1.5. Financiamento: financiamento da prórroga do contrato pode realizarse con cargo á aplicación orzamentaria 0740/49121/22799, documento contable RC 220240004514
O contrato queda sometido á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións derivadas no exercicio correspondente (2025).
Así mesmo, queda condicionada ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio, de acordo coa normativa vixente no momento.

2º) Requirit ao adxudicatario para que concorra a formalizar o contrato o día que para o efecto se lle sinale, dirixíndose previamente á Tesourería Provincial para realizar o pago das taxas por formalización de contratos administrativos, e advírteselle de que se non cumprise os requisitos para a celebración do contrato no prazo establecido, seguiranse os trámites e efectos previstos no artigo 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014."

7.- Aprobación da segunda e última prórroga do contrato de SERVICIOS DE SOPORTE E MANTEMENTO DA BASE DE DATOS UNIVERSE PARA WINDOWS DA



DEPUTACIÓN PROVINCIAL, nas mesmas condicións que o contrato principal, con arranxo aos Pregos que o rexen.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º) Aprobar a SEGUNDA E ÚLTIMA PRÓRROGA do contrato de SERVIZOS DE SOPORTE E MANTEMENTO DA BASE DE DATOS UNIVERSE PARA WINDOWS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL. CÓDIGO EXPEDIENTE: PCO.OO1.2020.00010, nas mesmas condicións que o contrato principal, con arranxo aos Pregos que o rexen, aprobados mediante Resolución da Presidencia número 16787 de data 26 de maio de 2020, e que será realizada polo adxudicatario do contrato principal VMARK SOFTWARE ESPAÑA S.L., con NIF A81976714 e domicilio en Ourense 8, 28020 Madrid, nas seguintes condicións:

- Prazo: Do 24 de xullo de 2024 ata o 23 de xullo de 2025.
- Prezo do contrato de prórroga: 4.222,90 euros (IVE incluído).
- A imputación orzamentaria da presente prórroga efectuarase con cargo aos seguintes datos contables:

ANUALIDADE	PERÍODO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	NÚM. OPERACIÓN	IMPORTE
2024	24/07/2024 a 23/10/2024	0730/49121/22799	RC 220240003119	1.055,72 €
2025	24/10/2024 a 23/07/2025		RCP 220249000038	3.167,18 €
TOTAL				4.222,90 €

O contrato queda sometido á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións derivadas no exercicio correspondente (2025).

2º) Requirit ao adxudicatario para que concorra a formalizar o contrato o día que para o efecto se lle sinale, dirixíndose previamente á Tesourería Provincial para realizar o pago das taxas por formalización de contratos administrativos e advérteselle de que se non cumpriše os requisitos para a celebración do contrato no prazo establecido, seguiranse os trámites e efectos previstos no artigo 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014."

8.- Aprobación da TERCEIRA E ÚLTIMA PRÓRROGA do contrato de SEGURO DE RISCOS PATRIMONIAIS, PERSOAIS E DE RESPONSABILIDADE CIVIL DERIVADOS DO USO DE VEHÍCULOS A MOTOR DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, durante un período comprendido entre 1 de setembro de 2024 e o 31 de agosto de 2025, nas mesmas condicións que o contrato principal, con arranxo aos Pregos que o rexen.



VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º) Aprobar a TERCEIRA E ÚLTIMA PRÓRROGA do contrato de SEGURO DE RISCOS PATRIMONIAIS, PERSOAIS E DE RESPONSABILIDADE CIVIL DERIVADOS DO USO DE VEHÍCULOS A MOTOR DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2020.00192, durante un período comprendido entre 1 de setembro de 2024 e o 31 de agosto de 2025, nas mesmas condicións que o contrato principal, con arranxo aos Pregos que o rexen, aprobados mediante Resolución da Presidencia número 17644 de data 05 de xuño de 2020, e que será realizada polo adxudicatario do contrato principal HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA, SOCIEDADE ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS con Número de Identificación Fiscal A41003864 e domicilio no Paseo de Colón, 26 – 41001 Sevilla, nas seguintes condicións:

Prazo da prórroga: Desde as cero horas do día 01 de setembro de 2024 ata as vinte e catro horas do día 31 de agosto de 2025.

Prezo da prórroga: 7.955,90 euros, sen prexuízo das regularizacións por altas e baixas de vehículos previstas na cláusula 7 do prego que rexe o contrato.

Outras condicións da oferta:

Ampliación de indemnizacións:

Indemnización por falecemento: 115.000 €.

Indemnización por gran invalidez: 125.000 €.

Coberturas incluídas na oferta:

Cobertura de danos por colisión con animais.

Ampliación de responsabilidade civil por traballos agrícolas (para vehículos agrícolas).

Inclusión de rotura de luas por pedrisco.

Asistencia en viaxe desde cero quilómetros.

Financiamiento: O contrato poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria 0112/92013/22401, documento contable RC con número de operación: 220240003118.

Condicións: Segundo os pregos aprobados mediante Resolución de Presidencia nº 17644 de data 05/06/2020 e a oferta presentada pola empresa.

2º) Requerir ao adxudicatario para que concorra a formalizar o contrato o día que para o efecto se lle sinale, dirixíndose previamente á Tesourería Provincial para realizar o pago das taxas por formalización de contratos administrativos e advírteselle de que se non cumpriren os requisitos para a celebración do contrato no prazo establecido, seguiranse



os trámites e efectos previstos no artigo 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014."

9.- Autorización da continuidade da prestación do contrato de SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, que será executada polo adxudicatario do contrato principal, EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, de conformidade cos pregos que rexen o contrato inicial, aprobados por Resolución da Presidencia número 41532 de data 27 de novembro de 2018 e modificados por Resolución da Presidencia número 3981 de data 4 de febreiro de 2020 para incorporar os requisitos introducidos polo Real Decreto-lei 14/2019, do 31 de outubro, na Lei de contratos do sector público en materia de protección de datos.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Autorizar a continuidade da prestación do contrato de SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, expediente PCO.001.2018.00207, que será executada polo adxudicatario do contrato principal, EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, S.A. con NIF A79022299, de conformidade cos pregos que rexen o contrato inicial, aprobados por Resolución da Presidencia número 41532 de data 27 de novembro de 2018 e modificados por Resolución da Presidencia número 3981 de data 4 de febreiro de 2020 para incorporar os requisitos introducidos polo Real Decreto-lei 14/2019, do 31 de outubro, na Lei de contratos do sector público en materia de protección de datos, nas seguintes condicións:

1. Prazo: Desde o 17 de abril de 2024 ata o 31 de decembro de 2024 ou ata a data de formalización do novo contrato de Teleasistencia que está en tramitación, identificado co número de expediente PCO.001.2024.00016, se fose anterior ao 31 de decembro de 2024.

2. Presuposto máximo: Será proporcional ao presuposto máximo anual do contrato (864.000,00 €) isto é 612.000,00 euros, distribuído do seguinte modo:

17 de abril a 30 de abril 36.000,00 euros

Maio a decembro de 2024: 8 meses cun máximo de 72.000,00 euros mensuais.

3. Prezos unitarios: Prezos unitarios mensuais que se aplicarán ao servizo de de teleasistencia domiciliaria por persoa usuaria:



concepto	prezo sen IVE	IVE	prezo IVE incluído €
a) Prezo para a persoa titular do servizo de teleasistencia domiciliaria	14,35	0,57	14,92
b) Prezo para a persoa usuaria con unidade de control remoto adicional	0	0	0
c) Prezo para a persoa usuaria sen unidade de control remoto	0	0	0

4. Financiamento: A imputación orzamentaria efectuarase como segue:

ANUALIDA DE	PERÍODO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	NÚM. OPERACIÓN	IMPORTE
2024	17/04/2024 a 30/11/2024	0611/23121/22799	RC 220240007045	540.000,00 €
2025	01/12/2024 a 31/12/2024		RCP 220249000113	72.000,00 €
TOTAL				612.000,00 €

A prórroga quedará suxeita á condición de que exista crédito adecuado e suficiente no exercicio 2025, na aplicación orzamentaria 0611/23121/22799."

10.- Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio suscrito co concello de Dumbría polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o arranxo de camiños municipais, ata o 31 de outubro de 2024 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a prórroga do prazo de vixencia do convenio suscrito co concello de Dumbría polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o arranxo de camiños municipais, ata o 31 de outubro de 2024 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria."

11.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Senda peonil de Coque a Iglesias de Larín", do Concello de Arteixo, incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2021 co código 2021.2102.0406.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a



Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado denominado "Senda peonil de Coque a Iglesias de Larín", do Concello de Arteixo incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2021 co código 2021.2102.0406.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación, na sesión ordinaria realizada o 30 de xuño de 2021, polo que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 e o seu Plan complementario

Logo de ver a Resolución da Presidencia desta corporación provincial número 2021/30870 do 23 de xullo de 2021 pola que se aprobou a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021 por maior achega provincial, no que se inclúe este investimento do Concello de Arteixo.

Logo de ver que mediante Resolución desta Presidencia número 49423 do 22 de novembro de 2022 considerouse cumprida a condición singular á que quedara sometido este investimento relativo a acreditación da dispoñibilidade dos terreos, e se aprobou definitivamente dentro do Plan, toda vez que o concello presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento.

Logo de presentar o Concello de Arteixo un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 12 de marzo de 2024 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Eduardo David Rodrigo Matute, cun incremento do seu orzamento de contrata de 186.675,24 € respecto do proxecto técnico inicial, que é asumido integramente polo concello e que ten como único obxectivo realizar un axuste dos prezos contidos no proxecto inicial para que se adecúen á situación actual de mercado.

Logo de ver a certificación do secretario do concello, José María Vázquez Pita, acreditativa da aprobación deste proxecto técnico modificado mediante Resolución da Alcaldía número 699/2024 do 13 de marzo de 2024, así como o documento de retención de crédito (RC), asinado o día 4 de marzo de 2024, acreditativo da existencia de crédito no orzamento municipal do concello para facer fronte ao incremento que experimenta o proxecto coa aprobación desta modificación.

Tendo en conta que este proxecto, que aínda non está adxudicado, foi aprobado polo Concello de Arteixo coa única finalidade de actualizar os seus prezos para axustalos á situación actual do mercado despois de que quedase deserta a licitación do investimento.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2021 aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron



modificadas por acordo plenario do 30 de decembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 225 do 31 de decembro de 2020 e que lle son aplicables aos investimentos incluídos no POS+ Adicional 2/2021

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Senda peonil de Coque a Iglesias de Larín”, do Concello de Arteixo incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2021 co código 2021.2102.0406.0, que aínda non está adxudicado, e que foi aprobado polo concello coa única finalidade de realizar unha revisión de prezos mediante o axuste dos contidos no proxecto inicial para que se adecúen á situación actual de mercado, o que supuxo un incremento do seu orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial de 186.675,24 €, que é asumido integramente polo Concello de Arteixo, quedando o seu financiamento tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto modificado con incremento Concello de Arteixo “Senda peonil de Coque a Iglesias de Larín” Código 2021.2102.0406.0	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA (INCREMENTO)
Deputación	297.258,00	297.258,00	0,00
Concello	0,00	186.675,24	186.675,24
Total	297.258,00	483.933,24	186.675,24

2- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial. O Concello de Arteixo asume integramente o incremento experimentado no orzamento de contrata do proxecto con motivo da súa modificación, segundo consta no documento de retención de crédito (RC), asinado o día 4 de marzo de 2024

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Arteixo para os efectos oportunos.”

12.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Rexeneración da Praza Sagrada Familia en Vilaboa”, do Concello de Culleredo, incluído na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022, co código 2022.2102.0353.0 levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Culleredo do proxecto modificado do investimento denominado “Rexeneración da Praza Sagrada Familia en Vilaboa”, incluído na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de



competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 co código 2022.2102.0353.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 23 de xuño do 2022 que, en relación coa Resolución da Presidencia da Deputación número 2022/33529, do 27 de xullo do 2022 e o acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o 29 de xullo do 2022, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario

Logo de ver que mediante Resolución da Presidencia número 40603/2022 do 29 de setembro de 2022, considerouse aprobada a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 por maior achega provincial no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles previstos no Plan Complementario ao POS+ 2022 Base, entre eles o investimento do Concello de Culleredo conforme se indica na seguinte táboa:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN PENDINGES
Culleredo	2022.2102.0353.0	Rexeneración da Praza Sagrada Familia en Vilaboa	573.752,26	0,00	573.752,26	-Supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobación polo concello -Autorización de Patrimonio Cultural-Xunta

Logo de ver que o concello de Culleredo achegou a autorización favorable de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia e un proxecto modificado deste investimento, que aínda non está adxudicado, asinado dixitalmente o 12 de decembro do 2022 pola enxeñeira de camiños, canais e portos, Marta Mariñas Llorente cun orzamento de contrata de 614.023,15 € o que supón un incremento de 40.270,89 € respecto do proxecto inicialmente presentado, aprobado polo concello, coa finalidade de corrixir os erros detectados polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación no seu informe desfavorable do día 22 de abril de 2022 e tamén adaptalo ás condicións establecidas na autorización de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

Logo de ver o documento de retención de crédito (RC) emitido polo concello o día 30 de novembro de 2023 e o compromiso municipal, asinado o día 5 de marzo de 2024 pola concelleira delegada da área de economía, facenda e urbanismo do Concello de Culleredo, de incluír no orzamento municipal do ano 2024 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal para o financiamento do incremento que experimenta o proxecto coa súa modificación

Logo de ver que consta no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 6 de novembro de 2023 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación con respecto deste proxecto modificado.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan, aprobadas mediante acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o 26 de novembro do 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228, do 30 de novembro do 2021 e modificadas mediante acordo



plenario provincial do 27 de maio do 2022 para a regulación do POS+ Adicional 2/2022 (BOP número 102 do 31 de maio do 2022).

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Rexeneración da Praza Sagrada Familia en Vilaboa”, do Concello de Culleredo, incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022, co código 2022.2102.0353.0, cun orzamento de contrata de 614.023,15 €, o que supón un incremento de 40.270,89 € respecto ao proxecto inicialmente presentado, que é asumido integramente polo concello. Este proxecto modificado foi aprobado coa finalidade de corrixir os erros detectados polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación no seu informe desfavorable do día 22 de abril de 2022 e tamén adaptalo ás condicións establecidas na autorización da Dirección xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, e que conta co informe de supervisión favorable emitido o 6 de novembro de 2023 polo dito Servizo de Asistencia Técnica a Municipios, sendo o seu cadro de financiamento o que se indica a continuación:

Proxecto modificado con incremento Concello de Culleredo “Rexeneración da Praza Sagrada Familia en Vilaboa” Código 2022.2102.0353.0	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
Deputación	573.752,26	573.752,26	0,00
Concello	0,00	40.270,89	40.270,89
Total	573.752,26	614.023,15	40.270,89

2.- Considerar cumpridas as condicións ás que foi sometido este investimento na Resolución da Presidencia número 40603/2022 do 29 de setembro de 2022 de aprobación da 1ª Fase do POS+ Adicional 2/2022 por maior achega provincial, e en consecuencia, aprobar definitivamente este investimento dentro do Plan unha vez que entre en vigor o EMC 1/2024 que está en fase de exposición pública

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONDICIÓNS CUMPRIDAS
Culleredo	2022.2102.0353.0	Rexeneración da Praza Sagrada Familia en Vilaboa	-Supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobación polo concello -Autorización de Patrimonio Cultural-Xunta

3.- A aprobación definitiva deste proxecto modificado queda condicionada á entrada en vigor do EMC 1/2024, que está en fase de exposición pública, no que se vai consignar, na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial, crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a este investimento. O Concello de Culleredo asume integramente o incremento que experimenta o proxecto coa súa modificación

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Culleredo para os efectos oportunos."

13.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Instalación dun aparello elevador no edificio municipal do local social da asociación de veciños de Mandiá" do Concello de Ferrol, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2100.0026.0



VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do POS+ 2021 aprobadas mediante acordo plenario provincial do 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario provincial do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP número 225 do 31 de decembro de 2020

Logo de ver o acordo do Pleno desta Deputación, adoptado na sesión ordinaria realizada o 30 de xuño de 2021, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 e o seu Plan complementario

Logo de ver que na relación dos investimentos que se inclúen no POS+ 2021 figura, entre outras, a obra do Concello de Ferrol denominada "Instalación dun aparello elevador no edificio municipal do local social da asociación de veciños de Mandiá", co código 2021.2100.0026.0

Visto que o concello aprobou un proxecto modificado desta obra, que aínda non está adxudicada, cun orzamento de contrata de 77.422,46 €, que supón un incremento de 21.672,76 € con respecto ao proxecto anteriormente aprobado cuxo orzamento ascendía á cantidade de 55.749,70 €, que é asumido integramente polo concello de Ferrol, para realizar a actualización dos prezos das unidades de obra para a súa adaptación á realidade de mercado toda vez que o proceso de contratación da obra quedou deserto, e tendo en conta que foi sometido á supervisión do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación, que emitiu informe favorable o día 13 de marzo de 2024.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobado o proxecto modificado da obra do Concello de Ferrol denominada "Instalación dun aparello elevador no edificio municipal do local social da asociación de veciños de Mandiá", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, co código 2021.2100.0026.0, cun orzamento de contrata de 77.422,46 €, que supón un incremento de 21.672,76 € respecto do proxecto técnico inicial, que é asumido íntegramente polo concello, que contén as modificacións necesarias para a actualización dos prezos das unidades de obra para a súa adaptación á realidade de mercado, toda vez que o proceso de contratación da obra quedou deserto e que se financia como se indica na seguinte táboa:



Concello de Ferrol "Instalación dun aparello elevador no edificio municipal do local social da asociación de veciños de Mandiá" Código 2021.2100.0026.0	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
Deputación	55.749,70	55.749,70	0,00
Concello	0,00	21.672,76	21.672,76
Total	55.749,70	77.422,46	21.672,76

2.- Na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra. O Concello de Ferrol asume integramente o incremento experimentado no orzamento de contrata deste investimento con motivo da modificación do proxecto técnico da obra, por importe de 21.672,76 €, segundo se acredita no documento de retención de crédito (RC), asinado pola interventora do concello de Ferrol, María del Rosario Vázquez Fernández, o día 13 de marzo de 2024.

3.- Notificar este acordo ao Concello de Ferrol para os efectos oportunos."

14.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reurbanización da Praza do Barreiro", do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023 por maior achega provincial, co código 2023.2102.0535.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reurbanización da Praza do Barreiro", do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023 por maior achega provincial, co código 2023.2102.0535.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES:

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 26 de maio do 2023, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023 e o seu Plan Complementario, no marco das súas Bases reguladoras aprobadas mediante acordo plenario provincial do 25 de novembro de 2022 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 228 do 1 de decembro de 2022; e que posteriormente, mediante novo acordo plenario do 27 de outubro de 2023, en relación coa Resolución de Presidencia 45905, do



28 de novembro de 2023, aprobouse a segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023 por maior achega provincial, no que se inclúe, entre outros, este investimento do Concello das Pontes de García Rodríguez, que foi aprobado de forma condicionada ao cumprimento das condicións que se reflicten na seguinte táboa:

Código/Concello	Denominación	FINANCIAMENTO			Condições pendentes
		Deputación	Concello	Orzamento Total	
2023.2102.0535.0 As Pontes de García Rodríguez	Reurbanización da Praza do Barreiro	372.327,52	316,55	372.644,07	-Corrección do orzamento e financiamento no acordo plenario da solicitude -Supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobación polo concello -Autorización de Augas de Galicia

Logo de presentar o Concello das Pontes de García Rodríguez un proxecto modificado deste investimento, que dado que estaba condicionado aínda non está adxudicado, que foi asinado dixitalmente o 26 de outubro de 2023 polos arquitectos María Cruz Vigo Castro, Flavia Concepción Piñeiro Ces, Francisco Javier Prieto Orallo e José López Rodríguez, que xa redactaran o proxecto inicial, cun orzamento de 372.644,08 € que representa un incremento de 0,01 € respecto do proxecto inicial, redactado coa finalidade de corrixir as deficiencias detectadas polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación no seu informe desfavorable do 10 de outubro de 2023, e no que se inclúe a xustificación da necesidade do proxecto modificado

Logo de presentar o Concello das Pontes de García Rodríguez a certificación da aprobación deste proxecto modificado por acordo plenario do 8 de novembro de 2023, así como os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, e de acreditar que o concello asume o compromiso de financiar o incremento de orzamento en relación co proxecto inicial

Logo de achegar ao expediente a Resolución de Augas de Galicia que autoriza as obras deste investimento xunto co informe técnico (Anexo V) acreditativo de que o proxecto modificado cumpre coas condicións establecidas na dita autorización

Tendo en conta que consta no expediente un informe de supervisión favorable deste proxecto modificado, emitido o 15 de novembro de 2023 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Logo de ver as Bases reguladoras do POS+2023, aprobadas mediante acordo plenario adoptado na sesión realizada o 25 de novembro do 2022 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228, do 1 de decembro do 2022

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña
ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Reurbanización da Praza do Barreiro”, do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023, co código 2023.2102.0535,0,



que aínda non está adxudicado porque estaba pendente do cumprimento das condicións ás que se someteu, e que foi aprobado polo Concello das Pontes de García Rodríguez, previos os informes técnicos e xurídicos favorables, cun incremento do seu orzamento de contrata respecto do proxecto inicial que é asumido integramente polo concello, tal e como se indica na seguinte táboa:

Concello de As Pontes de García Rodríguez "Reurbanización da Praza do Barreiro" Código 2023.2102.0535.0	PROXECTO INICIAL Contrata	PROXECTO MODIFICADO Contrata	DIFERENZA Contrata	CONDICIÓN CUMPRIDAS
Deputación	372.327,52	372.327,52	0,00	-Corrección do orzamento e financiamento no acordo plenario da solicitude - Supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobación polo concello - Autorización de Augas de Galicia
Concello	316,55	316,56	0,01	
Total	372.644,07	372.644,08	0,01	

2.- Considerar cumpridas as condicións ás que fora sometida a aprobación definitiva deste investimento e, en consecuencia, aprobar definitivamente o investimento dentro do Plan.

3.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo á partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

4.- Darlle conta da Resolución á Comisión informativa correspondente e notificarlla ao Concello das Pontes de García Rodríguez para os efectos oportunos."

15.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contra incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a xaneiro de 2024.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente, Consorcio Provincial Contra incendios e Salvamento da Coruña, do mes de xaneiro de 2024.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra incendios e Salvamento da Coruña, no mes de xaneiro de 2024.



TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento."

16.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, correspondente a febreiro de 2024.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente, Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, do mes de febreiro de 2024.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, no mes de febreiro de 2024.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento."

17.- Dación de conta do Informe Anual de Auditoría do Rexistro contable de facturas do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña do exercicio 2023.

Dáse conta do Informe Anual de Auditoría do Rexistro contable de facturas do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña do exercicio 2023, en cumprimento do artigo 12.3 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

18.- Dación de conta da remisión da relación de convenios do ano 2023 e determinados expedientes de convenios á Plataforma de Rendición de Contas.

Dáse conta da remisión da relación de convenios do ano 2023 e determinados expedientes de convenios á Plataforma de Rendición de Contas.

19.- Dación de conta da remisión da relación de contratos do ano 2023 e determinados expedientes de contratación á Plataforma de Rendición de Contas.

Dar conta da remisión da relación de contratos do ano 2023 e determinados expedientes de contratación á Plataforma de Rendición de Contas.



20.- Dación de conta da Memoria do Servizo Provincial de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos correspondente ao ano 2023.

Dáse conta da Memoria do Servizo Provincial de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos correspondente ao ano 2023.

21.- Dación de conta do Plan de control financeiro correspondente ao exercicio 2024.

Dáse conta do Plan de control financeiro correspondente ao exercicio 2024, elaborado pola Intervención provincial.

22.- Dación de conta do Plan Orzamentario a medio prazo 2025-2027.

Dáse conta do contido do Plan Orzamentario a medio prazo 2025-2027 de aprobación pola Presidencia.

23.- Dación de conta da actualización das entregas a conta realizadas no exercicio 2024 e da entrega a conta de febreiro de 2024 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta da actualización das entregas a conta realizadas no exercicio 2024 e da entrega a conta de febreiro de 2024 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

24.- Aprobación das bases singulares para a xestión, por delegación do Concello de Arteixo, da inspección da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local a favor de empresas explotadoras de subministracións de interese xeral ou que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza (Taxa do 1,5) e dos procedementos sancionadores que deriven destas actuacións e a aceptación da devandita delegación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º) Aprobación das seguintes Bases que regulan singularmente a delegación que o Concello de Arteixo realiza na Deputación das facultades en materia de inspección da Taxa do 1,5 e dos procedementos sancionadores que deriven destas actuacións:

"BASES SINGULARES PARA A XESTIÓN, POR DELEGACIÓN DO CONCELLO DE ARTEIXO, DA INSPECCIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SUBMINISTRACIÓNS DE INTERESE XERAL OU QUE AFECTEN Á XENERALIDADE OU A UNHA PARTE IMPORTANTE DA VECIÑANZA (TAXA DO 1,5) E DOS PROCEDIMIENTOS SANCIONADORES QUE DERIVEN DESTAS ACTUACIÓNS



PRIMEIRA.- OBXECTO DA DELEGACIÓN

A Deputación Provincial da Coruña asume, por delegación expresa do Concello de Arteixo, as competencias en materia de inspección da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local a favor de empresas explotadoras de subministracións de interese xeral ou que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza (en adiante, taxa do 1,5), regulada nos artigos 20 a 27 do TRLRFL, consistente no 1,5 por cento dos ingresos brutos de facturación.

SEGUNDA.- ALCANCE DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DELEGADAS

A delegación de competencias suporá que a Deputación asumirá a totalidade das funcións e atribucións necesarias para levar a cabo o exercicio das competencias da inspección da Taxa do 1,5.

No obstante, o Concello de Arteixo colaborará coa Deputación realizando as seguintes actuacións:

O Concello de Arteixo colaborará coa Deputación da Coruña, directamente e/ou a través dos apoios externos contratados polo concello. Para todas as tarefas de colaboración e apoio administrativo que non requiran a intervención de funcionario público, o concello poderá recadar os apoios externos que lle solicite a Deputación provincial a través de empresas colaboradoras ou outras fórmulas que considere. O resto, isto é, as que necesariamente deban ser desempeñadas por funcionario público, serán por conta da Unidade de Inspección da Deputación provincial.

Este apoio externo poderá ser substituído pola colaboración que realice un funcionario municipal capacitado, técnico de Inspección Tributaria, segundo consta na relación de postos de traballo vixente.

Este apoio municipal, que colaborará en todo momento coa Unidade de Inspección da Deputación provincial e sempre baixo a súa dirección, poderá, entre outras funcións:

Propoñer á Deputación as actuacións que se teñan que realizar para que esta, se o considera conveniente, as inclúa no plan de inspección e inicie o procedemento de inspección. Na proposta detallarase os criterios tidos en conta.

Atender, recoller a documentación e informar aos obrigados tributarios sobre as normas de aplicación do procedemento de inspección e sobre o alcance das obrigas e dereitos que delas se deriven.

Propoñer á Deputación a documentación específica, tendo en conta o tipo de subministro obxecto das actuacións a realizar, que se debe incluír nos requirimentos.

Controlar os requirimentos non atendidos ou atendidos de forma incompleta ou incorrecta. Informará á Deputación para que, no seu caso, esta desenvolva as actuacións que se estimen oportunas.

Propoñer á Deputación a nova documentación que sexa preciso requirir, tendo en conta a documentación xa achegada.

Compilar a documentación xeral de tipo técnico (lexislación, estudos, etc.), xurídico (lexislación, consultas, xurisprudencia, etc.), ou particular de tipo público (páxinas web,



boletíns oficiais, etc.) necesaria para a instrución do expediente.

Realizar os labores de transformación, acumulación, combinación, relación, análise de datos, etc. dos datos contidos en ficheiros informáticos aportados ao expediente.

Para realizar estas tarefas, o Concello deberá contar cos programas necesarios (Excel, Access...) na versión máis axeitada.

A colaboración externa poderá incluír a elaboración de comunicacións, dilixencias, actas, informes ampliatorios, propostas de regularización, propostas de sanción e demais documentos integrantes do expediente inspector ou sancionador, para a súa sinatura, se procede, polos funcionarios actuarios pertencentes á Deputación provincial.

Informar das actuacións realizadas, os feitos, a lexislación aplicable e as conclusións.

Colaborar coa Unidade de Inspección da Deputación provincial, e baixo a dirección desta, na resolución dos recursos de reposición que se interpoñan contra os actos ditados en relación cos expedientes inspectores e sancionadores, nos termos establecidos no apartado anterior.

Realizar todas as tarefas de tipo administrativo e informático (gravación de datos, confección de documentos, notificacións, etc.) relacionadas coas actuacións inspectoras e cos expedientes sancionadores derivados delas.

Para tal efecto, o Concello utilizará a aplicación informática que empregue a Deputación Provincial da Coruña, debéndose observar as instrucións de identificación e autenticación fixadas pola Deputación. Para iso, a Deputación porá á súa disposición a utilización da aplicación informática.

TERCEIRA.- INFORMACIÓN DA XESTIÓN DA DEPUTACIÓN AO CONCELLO

O Concello de Arteixo disporá a estes efectos de todas as posibilidades de consulta que permita a aplicación de xestión da Deputación, dentro do marco establecido pola lexislación xeral sobre protección de datos e a normativa específica que para o seu cumprimento teña aprobada a propia Deputación.

CUARTA.- TRATAMENTO DOS DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Tanto o Concello de Arteixo, como a Deputación da Coruña tratarán os datos de carácter persoal incluídos nos expedientes tramitados en execución da presente delegación, de acordo ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (en diante, RXPd), e á Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante LOPdGDD).

Tipoloxías de datos de carácter persoal: Datos de carácter identificativo/ Datos de contacto/ Datos económico-financeiros.

Categorías de persoas interesadas: Representantes das empresas explotadoras de subministracións/ Clientes das empresas explotadoras de subministracións.

O Concello de Arteixo ten, en relación cos datos de carácter persoal incluídos nos expedientes tramitados en execución da presente delegación, a consideración de Responsable do Tratamento a efectos do Regulamento Xeral de Protección de Datos.



A Deputación Provincial da Coruña ten a consideración de Encargada do Tratamento para os efectos do Regulamento Xeral de Protección de Datos, tal e como sinala a súa Política de Privacidade aprobada por Resolución 38303/2018 (modificada pola Resolución 27803/2019), ao tratarse dun tratamento de datos que son facilitados polo Concello de Arteixo para o exercicio de actividades de asistencia e asesoramento en desenvolvemento das facultades delegadas en materia de inspección da Taxa do 1,5. (https://sede.dacoruna.gal/sxc/es/portal_transparencia/relevancia_juridica/proteccion_Datos/ProteccionDatos.html). A Deputación da Coruña poderá recorrer a outros encargados sen contar coa autorización previa do responsable.

De conformidade cos artigos 28 e 33 da LOPDGDD, considéranse medidas técnicas e organizativas axeitadas para garantir e acreditar que o tratamento a realizar pola Deputación provincial da Coruña como encargada do tratamento é conforme co antedito RGPD, coa LOPDGDD e demais normativa de aplicación, o cumprimento pola mesma da súa Política de Seguridade da Información e as normas técnicas de seguridade e de uso que a desenvolven (<https://sede.dacoruna.gal/sxc/es/sobrelasede/seguridad/>) así como a súa Política de Privacidade, sendo suficientes para combater os maiores riscos que puidesen producirse ao tratarse dun tratamento dunha grande cantidade de datos persoais.

A Deputación da Coruña, como encargada do tratamento asumirá, mediante a aceptación da delegación, todas as obrigacións establecidas no artigo 28.3 do RGPD.

QUINTA.- TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS DELEGADOS

Dacordo co previsto no apartado d.3 do artigo 6 da Ordenanza fiscal núm. 5 da Deputación, as taxas que deberá aboar o Concello de Arteixo polas cantidades cobradas como consecuencia de liquidacións derivadas deste labor inspector e de recadación executiva serán as seguintes:

- 2,5% do importe das cotas recadadas en período voluntario.
- 75% do importe das recargas de constrinximento recadadas en período executivo.
- 50% do importe das sancións que se deriven da xestión e inspección da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no chan, subsolo, ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras dos servizos de subministración de interese xeral, recadadas en período voluntario e executivo. No caso de que os anteriores importes fosen recadados en período executivo, cobrarase tamén o 75% das recargas do período executivo.

Aos efectos de cuantificación da taxa a aboar polo Concello á Deputación, para a determinación do importe dos ingresos brutos recadados, fíxase un importe máximo de 60.000,00 euros por cada liquidación tal e como está previsto no parágrafo segundo do artigo 5.1 da Ordenanza fiscal núm. 5 da Deputación Provincial. No caso de revisión posterior deste límite máximo, aplicárase o que resulte da nova regulación.

SEXTA.- VIXENCIA DA DELEGACIÓN

O prazo de vixencia da delegación de competencias regulada nestas Bases será de dez anos contados a partir da entrada en vigor da mesma.

Sen embargo poderase dar fin á dita delegación en calquera momento, por mutuo acordo das partes.



SÉTIMA.- ACORDOS DE DELEGACIÓN E ACEPTACIÓN

O procedemento para formalizar a delegación na Deputación as competencias e funcións que se detallan nas presentes Bases será o seguinte:

1º.- Acordo de delegación de competencias e aprobación destas Bases adoptado polo Pleno do Concello de Arteixo.

2º.- Publicación do acordo anterior no Boletín Oficial da Provincia e traslado do mesmo á Deputación, mediante certificación expedida polo/a Secretario/a Xeral do Concello de Arteixo.

3º.- Acordo adoptado polo Pleno da Deputación, aprobando as Bases e aceptando a delegación nos termos das mesmas.

4º.- Publicación do acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, para xeral coñecemento.

OITAVA.- ENTRADA EN VIGOR

A entrada en vigor da delegación producirase con efectos do primeiro día do mes seguinte á última publicación das previstas na Base anterior.

Non obstante, esta entrada en vigor está condicionada a que o Concello teña asumida de xeito completo a aplicación informática de xestión de taxas de GTT facilitada pola Deputación, incluída a xestión voluntaria do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana e a taxa do 1,5.

NOVENA.- NORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO

Habilitase á Presidencia da Deputación para ditar as normas necesarias para o adecuado desenvolvemento das presentes bases e para unha mellor execución das competencias obxecto de delegación."

2º) Aceptar a delegación acordada polo Concello de Arteixo, nas condicións establecidas no acordo e nas Bases singulares para a xestión, por delegación do Concello de Arteixo, da inspección da taxa do 1,5.

3º) Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, para xeral coñecemento."

25.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias tributarias do Concello da Laracha (Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana).

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar a delegación das competencias acordada polo Concello da Laracha en relación coa seguinte materia:

Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro.

2. A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia, aprobada ao efecto por esta Deputación Provincial con efectos do 1 de xaneiro do 2024."

26.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias tributarias do Concello de Muxía (Recadación Executiva).

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar a delegación das competencias acordada polo Concello de Muxía en relación coa seguinte materia:

Recadación en período executivo de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso de dereito público de carácter non periódico ou de periodicidade inferior ao ano.

2. A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia, aprobadas ao efecto por esta Deputación Provincial."

27.- Dación de conta da Memoria de Recadación e Xestión Tributaria da Deputación da Coruña do 2023 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta ao Pleno da Memoria de Recadación e Xestión Tributaria da Deputación da Coruña do 2023 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

28.- Aprobación da revisión da Política de Seguridade da Deputación da Coruña.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a



Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a modificación da política de seguridade da información da Deputación Provincial da Coruña que é do seguinte tenor literal:

Introdución

Este documento constitúe a Política de Seguridade da Información da Deputación provincial da Coruña, en diante “A Deputación”, en cumprimento do artigo 12 (Política de seguridade e requisitos mínimos de seguridade) do Real Decreto 311/2022 do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica e da medida de seguridade org.1 contemplada no Anexo II deste Real Decreto. Neste sentido, o mencionado artigo 12 establece que “Cada administración pública contará cunha política de seguridade formalmente aprobada polo órgano competente”.

A estrutura deste documento segue as pautas establecidas pola guía CCN-STIC-805 (publicada polo Centro Criptolóxico Nacional, ente adscrito ao Centro Nacional de Intelixencia) para a redacción da Política de Seguridade no ámbito do Esquema Nacional de Seguridade.

A Política de Seguridade da Información recolle a postura da Deputación en canto á seguridade da información e establece os criterios xerais que deben rexer a actividade do organismo en canto á seguridade.

O obxectivo da seguridade da información é garantir a calidade da información e a prestación continuada dos servizos, actuando preventivamente, supervisando a actividade diaria e reaccionando con presteza aos incidentes.

Os sistemas de información deben estar protexidos contra ameazas de rápida evolución con potencial para incidir na dispoñibilidade, integridade, confidencialidade, autenticidade, trazabilidade, uso previsto e valor da información e os servizos. Para defenderse destas ameazas, requírese unha estratexia que se adapte aos cambios nas condicións da contorna para garantir a prestación continua dos servizos.

Esto implica que se deben aplicar as medidas de seguridade esixidas polo Esquema Nacional de Seguridade e a Lei Orgánica de Protección de Datos e garantía de dereitos dixitais (en diante LOPD-gdd), así como realizar un seguimento continuo dos niveis de prestación de servizos, seguir e analizar as vulnerabilidades reportadas, e preparar unha resposta efectiva aos incidentes para garantir a continuidade dos servizos prestados.

Así mesmo, as áreas deben estar preparadas para previr, detectar, reaccionar e recuperarse de incidentes, de acordo ao Artigo 8 do ENS.

Misión da Deputación da Coruña

A Deputación da Coruña é unha institución de goberno local que promove o desenvolvemento e o benestar da cidadanía nos municipios que compoñen a provincia da Coruña. Actúa prestando servizos directamente aos cidadáns e sobre todo en cooperación cos concellos. A Deputación ten como misión a asistencia técnica, económica e material aos concellos para que poidan prestar servizos locais de calidade



de forma homoxénea en toda a provincia, coordinando servizos e organizando servizos públicos de carácter supramunicipal.

Marco Normativo da Deputación da Coruña

A normativa legal á que se atopa sometida a Deputación da Coruña, máis relacionada coa súa actividade, recóllese a continuación, en orde cronolóxica ascendente:

- Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.
- Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Real Decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica.
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 27/2013 de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.
- Orde HAP/2425/2013, do 23 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2014.
- Real Decreto-lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.
- Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- REGULAMENTO (UE) 2016/679 DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos)
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Lei 6/2020, do 11 de novembro, reguladora de determinados aspectos dos servizos electrónicos de confianza.
- Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade.

Forman tamén parte do marco normativo as restantes normas aplicables á administración electrónica da Deputación da Coruña derivadas das relacionadas anteriormente e publicadas nas sedes electrónicas comprendidas dentro do ámbito de aplicación desta Política.



Política Xeral de Seguridade

O obxecto da presente Política é establecer a postura da Deputación respecto á Seguridade que afecta os procesos relacionados co desempeño das súas funcións e, moi particularmente, cos relacionados coa administración electrónica, tanto desde o punto de vista dos usuarios dos servizos, como desde o punto de vista interno, para a xestión da propia Entidade.

A Diputación utiliza as Tecnoloxías da Información e as Comunicacions para prestar os seus servizos, polo que é consciente de que estes sistemas deben ser administrados con dilixencia, tomando as medidas adecuadas para protexelos fronte a danos accidentais ou deliberados.

Así mesmo, tamén é consciente de que os incidentes de seguridade poden estar provocados desde lugares remotos, a través das conexións a redes de comunicacións das que se dispón e, moi concretamente, a través das conexións á Internet (ciber-ataques).

O fin da política é contrarrestar as ameazas mencionadas anteriormente cos medios suficientes, dentro das posibilidades orzamentarias. Para este fin, establecerase unha estrutura de seguridade, xunto cos mecanismos apropiados para a súa xestión, e un conxunto de instrumentos de apoio de forma que se garanta:

- O cumprimento dos obxectivos da misión da Deputación e de prestación dos seus servizos
- O cumprimento da lexislación e normativa aplicables.

Como norma xeral, terase un enfoque de orientación ao risco á hora de deseñar as medidas de seguridade necesarias, poñendo máis foco e esforzo na mitigación do que supoña un maior risco.

As distintas unidades baixo cuxa responsabilidade se atopan os servizos prestados deberán contemplar a seguridade desde o mesmo momento en que se concibe un novo sistema ou servizo, aplicando para estes e para os xa existentes, as medidas de seguridade prescritas polo Esquema Nacional de Seguridade para garantir a dispoñibilidade, confidencialidade, integridade, autenticidade e trazabilidade dos servizos e da información.

Os requisitos de seguridade dos sistemas, as necesidades e requisitos de formación dos usuarios, e as necesidades de financiamento deben ser identificados e incluídos na planificación dos sistemas e nos pregos de prescricións utilizados para a realización de proxectos que involucren ás Tecnoloxías da Información e Comunicacions (TIC).

Articularanse mecanismos de prevención, detección, resposta e conservación con obxecto de minimizar o impacto dos incidentes de seguridade.

En canto á prevención, débese evitar que os servizos e a información resulten afectados por un incidente de seguridade. Para iso, a Deputación implementará as medidas de seguridade establecidas no Anexo II do ENS, así como medidas adicionais que puidesen ser identificadas no proceso de análise de riscos e, en xeral, medidas que disuadan a posibles atacantes e que reduzan a superficie de exposición para minimizar a probabilidade de que as ameazas cheguen a materializarse.



En canto á detección, implementaranse as medidas adecuadas para descubrir a presenza dun incidente na fase máis temperá posible, con obxecto de contelo e minimizar o seu impacto. Sempre que sexa posible, detectaranse de forma automática os incidentes de seguridade, utilizando elementos de monitoraxe dos servizos ou de detección de anomalías. Para os incidentes detectados polos usuarios, xa sexan internos ou externos, estableceranse os pertinentes canles de comunicación de incidentes.

En canto á resposta, poñeranse en marcha mecanismos, asociados aos procedementos de xestión de incidentes e de continuidade das operacións, para a restauración da información e os servizos que puidesen haberse se afectados por un incidente de seguridade.

En canto á conservación, despregaranse medidas que garantan a conservación da información en soporte electrónico.

Alcance

Esta Política de Seguridade é de aplicación a todos os servizos prestados pola Deputación, así como a todo o persoal, sen excepcións.

Organización da Seguridade

A seguridade na Deputación está soportada sobre as estruturas e roles que se describen a continuación:

- Estrutura de especificación, que é a que se encarga de establecer os requisitos de seguridade asociados aos servizos prestados.
- Estrutura de supervisión, que é a que se encarga de verificar o cumprimento dos requisitos de seguridade e o aliñamento continuo cos obxectivos da organización.
- Estrutura de operación, que se encarga de implantar as medidas de seguridade identificadas.

Estrutura de especificación

Esta estrutura é a encargada de determinar os requisitos de seguridade que serán de aplicación aos servizos prestados pola Deputación e a garantir o cumprimento normativo asociado que lle é de aplicación, en concreto o Real Decreto 311/2022 do 3 de maio polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade.

Descríbense a continuación as funcións e responsabilidades dos roles asociados á especificación.

Responsable da Información

É o responsable último da protección da información, garantindo a súa dispoñibilidade, confidencialidade e integridade.

Ten a potestade de establecer os requisitos de seguridade da información, no sentido de asignarlle á mesma unha valoración que determinará o nivel de protección que requira. O establecemento de requisitos poderá realizarse a proposta do Responsable de Seguridade da Información e contando coa opinión do Responsable do Sistema.

O Responsable da Información ten, de forma exclusiva, a potestade de modificar no tempo a valoración mencionada anteriormente, se así fose necesario.



Este rol poderá recaer nunha ou varias persoas, e mesmo nun órgano colexiado, podendo coincidir co Responsable do Servizo.

Responsable do Servizo

Este rol é o responsable de establecer os niveis de seguridade (ou requisitos de seguridade) que requiran os servizos prestados, que determinarán as medidas de protección necesarias, así como a súa intensidade.

O establecemento de requisitos poderá realizarse a proposta do Responsable de Seguridade da Información e contando coa opinión do Responsable do Sistema. Os requisitos do servizo deben ter en conta os requisitos da información que manexen.

Este rol poderá recaer nunha ou varias persoas, e mesmo nun órgano colexiado, podendo coincidir co Responsable da Información.

Responsable do Tratamento

O Responsable do Tratamento é a persoa física ou xurídica sobre a que recaen as funcións xenéricas recolleitas na normativa de protección de datos aplicable e vixente en canto a responsabilidade última dos tratamentos de datos persoais que se leven a cabo.

En xeral, esta figura determina os fins e os medios relacionados co tratamento dos datos persoais.

As súas funcións son as seguintes:

- Garantir o cumprimento de principios relativos ao tratamento recolleitos na normativa vixente en materia de protección de datos persoais.
- Garantir o cumprimento das normativas existentes na Deputación da Coruña en materia de protección de datos persoais.
- Garantir o mantemento adecuado, e conforme á lexislación vixente, do Rexistro de Actividades de Tratamento.
- Garantir o cumprimento do deber de información ao interesado recolleito na normativa vixente en materia de protección de datos persoais.
- Establecer os mecanismos necesarios para recibir, xestionar e resolver solicitudes de exercicio de dereitos por parte dos interesados.
- Avaliar o risco para os dereitos e liberdades dos afectados nas brechas de seguridade e a posible notificación ás autoridades de control e aos afectados.
- Determinar as medidas técnicas e organizativas apropiadas que se deben aplicar a fin de garantir e acreditar que o tratamento é conforme coa normativa vixente de protección de datos persoais.
- Actuar como punto de contacto coas autoridades de control, conxuntamente co Delegado de Protección de Datos.
- Implantar e seguir os programas de formación e sensibilización do persoal da Deputación da Coruña en materia de protección de datos persoais.

Estrutura de supervisión

A estrutura de supervisión da seguridade encárgase de verificar a correcta implantación e operación dos requisitos de seguridade que se estableceron, para manter a aliñación cos obxectivos e de cumprir coas normas e lexislación aplicable.



Na supervisión global de todas as actividades relativas á seguridade da información atópase o Responsable de Seguridade da Información.

Na supervisión global das actividades relativas á seguridade física atópase o Responsable de Seguridade Física.

Para a coordinación global e integral da seguridade atópase o Comité de Seguridade da Información.

As funcións e responsabilidades de cada unha das figuras descríbense a continuación:

Responsable de Seguridade da Información

É responsable da determinación das decisións para satisfacer os requisitos de seguridade da información e dos servizos na Deputación.

Este Responsable forma parte do Comité de Seguridade da Información, sendo o encargado de elevar ao devandito Comité os asuntos de interese relacionados coa seguridade da información.

As súas responsabilidades comprenden:

- Manter a seguridade da información manexada e dos servizos prestados polos sistemas de información da Deputación.
- Promover e coordinar a realización de programas de formación e sensibilización en materia de seguridade da información.
- Levar a cabo a realización de análise de riscos de seguridade da información, así como os plans para mitígalos, de forma periódica, elevando as conclusións ao Comité de Seguridade da Información para a súa aprobación.
- Elaborar a normativa de seguridade derivada da Política de Seguridade.
- Aprobar os procedementos operativos para a realización das actividades que se atopen reguladas pola normativa interna de seguridade.
- Manter actualizada a documentación asociada á xestión da seguridade da información: normativas, procedementos e rexistros.
- Supervisar a implantación, manter, controlar e verificar o cumprimento das normas e procedementos establecidos.
- Coordinar e controlar as medidas de seguridade da información e de protección de datos da Deputación.
- Conseguir que se elabore o orzamento anual de seguridade de tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) da Deputación.
- Supervisar as situacións excepcionais (ou incidentes) de ciberseguridade producidas na Deputación.
- Analizar os indicadores de seguridade para medir a eficacia e eficiencia das medidas implantadas.
- Analizar os incidentes de seguridade da información reflectidos nos rexistros destes e verificar que se estableceron os plans para a súa resolución.
- Velar pola inclusión de cláusulas de seguridade nos contratos con terceiras partes e polo seu cumprimento.
- Autorizar por escrito a execución de procedementos de recuperación de datos nos casos en que se requira.
- Elaborar o documento de Declaración de Aplicabilidade de medidas de seguridade.
- Establecer a categoría dos sistemas de información da Deputación.



- Colaborar coas auditorías externas/internas en materia de seguridade da información, revisalas e encargar aos responsables dos sistemas a implantación das correccións que se deriven.
- Notificar ao CCN-CERT os incidentes de seguridade que se deban comunicar, en base á lexislación vixente.
- Constituírse en punto de contacto do CCN-CERT en materia de seguridade da información.
- Recibir, interpretar e aplicar as instrucións e guías emanadas do CCN-CERT para a súa aplicación no ámbito da Deputación.

Delegado de Protección de Datos

O Delegado de Protección de Datos é a figura que actúa como asesor, supervisor e interlocutor do Responsable do Tratamento no ámbito das competencias marcadas pola normativa en materia de protección de datos vixente.

As súas funcións son:

- Informar e asesorar á Deputación da Coruña, e a todo o persoal que se ocupe do tratamento de datos persoais, das obrigacións que se deriven do Regulamento Xeral de Protección de Datos e doutras disposicións relacionadas coa protección de datos.
- Supervisar o cumprimento do Regulamento Xeral de Protección de Datos na Deputación da Coruña.
- Asesorar acerca da avaliación de impacto relativa á protección de datos e supervisar a súa aplicación.
- Cooperar coa Autoridade de Control.
- Actuar como punto de contacto da Autoridade de Control conxuntamente co Responsable do Tratamento.

Ademais, asesorará ao Responsable do Tratamento ou, en xeral, a aquela figura que o necesite, nas seguintes áreas:

- Cumprimento de principios relativos ao tratamento, como os de limitación na finalidade, minimización ou exactitude dos datos.
- Identificación das bases xurídicas dos tratamentos.
- Valoración da compatibilidade de finalidades distintas das que orixinaron a recollida inicial dos datos.
- Existencia de normativa sectorial que poida determinar condicións de tratamento específicas distintas das establecidas pola normativa xeral de protección de datos.
- Deseño e implantación de medidas de información aos afectados polos tratamentos de datos.
- Establecemento de mecanismos de recepción e xestión de solicitudes de exercicio de dereitos por parte dos interesados.
- Valoración das solicitudes de exercicio de dereitos por parte dos interesados.
- Mantemento de rexistro de encargados de tratamento
- Asesoramento a Contratación en relación cos encargados de tratamento en canto ao contido dos contratos ou actos xurídicos que regulen a relación entre a Deputación da Coruña e os encargados do tratamento.

Responsable de Seguridade Física

É responsable da definición, coordinación, difusión e verificación dos requisitos de seguridade física das instalacións onde se aloxen os sistemas de información



Este Responsable forma parte do Comité de Seguridade da Información, sendo o encargado de elevar ao devandito Comité os asuntos de interese relacionados coa seguridade física dos locais e as infraestruturas.

As súas responsabilidades comprenden:

- Identificación de necesidades de seguridade física.
- Conseguir a elaboración dun orzamento anual de investimentos e actuacións en seguridade física.
- Supervisar a instalación e o mantemento posterior dos elementos e servizos destinados á seguridade física.
- Analizar os incidentes de seguridade física que se poidan producir e establecer actuacións para dar resposta aos mesmos.
- Manter actualizada a documentación asociada á xestión da física: normativas, procedementos e rexistros.

Comité de Seguridade da Información

A misión do Comité de Seguridade é a coordinación xeral das actividades que teñen relación coa seguridade integral.

Un obxectivo fundamental do Comité de Seguridade é a posta en común de aspectos importantes da seguridade entre todos os responsables. Con iso evitárase que actividades referentes á seguridade, que poidan afectar a varias ou todas as unidades da organización, queden sen o suficiente coñecemento por parte dos seus responsables, ou sen o suficiente apoio ou compromiso, prexudicando a eficacia.

As funcións do Comité de Seguridade son:

- Establecer uns obxectivos de seguridade da información corporativos aliñados cos obxectivos de prestación de servizos e xestión da Deputación.
- Informar regularmente o estado da seguridade á Presidencia.
- Elaborar a estratexia de evolución da organización no que respecta a seguridade da información.
- Elaborar e revisar regularmente a Política de Seguridade e propoñer cambios, se procede, para a súa aprobación polo Pleno da Deputación.
- Revisar as normativas internas de seguridade que se poidan derivar da Política de Seguridade, a proposta do Responsable de Seguridade da Información, e aprobalas, no seu caso.
- Elaborar e propoñer os requisitos de formación para a persoal clave que manexe información, sistemas e infraestruturas físicas.
- Asumir o papel de dono dos riscos de seguridade da información (quen ten a potestade para aceptar os riscos residuais sobre os activos), tendo en conta os requisitos de seguridade establecidos para os diferentes activos por parte dos seus responsables correspondentes, aprobando as apreciacións de riscos realizadas e aceptando o risco residual resultante, no seu caso.
- Aprobar os plans de tratamento de riscos e mellora da seguridade que xurdan a raíz das apreciacións de riscos realizadas e velar pola coordinación da súa execución nas distintas unidades.
- Seguir o desenvolvemento dos plans de acción aprobados.
- Coordinar as actuacións en materia de seguridade que se poidan estar a realizar en diferentes unidades da Deputación, con obxecto de evitar esforzos duplicados ou desalineados coa Política de Seguridade



- Priorizar as actuacións en materia de seguridade cando os recursos sexan limitados.
- Velar por que a seguridade da información téñase en conta en todos os proxectos de TIC desde a súa especificación inicial ata a súa posta en operación. En particular, deberá velar pola creación e utilización de servizos horizontais que reduzan duplicidades e apoien un funcionamento homoxéneo de todos os sistemas TIC.
- Supervisar e participar na resolución dos incidentes de seguridade que se poidan producir e expor as estratexias e salvagardas ante os mesmos, velando pola adecuada coordinación dos diferentes actores involucrados na xestión destes incidentes.
- Impulsar a realización das auditorías ordinarias regulares, polo menos cada dous anos, que permitan verificar o cumprimento das obrigacións da Deputación en materia de seguridade.
- Analizar información de indicadores de seguridade que puidese haber definidos. Tomar decisións en caso de desviación respecto aos limiares establecidos.
- Resolver os conflitos de responsabilidade que poidan aparecer entre os diferentes responsables e/ou entre diferentes áreas da Deputación, elevando aqueles casos nos que non teña suficiente autoridade para decidir.
- Promover a mellora continua da seguridade da información.

O Comité de Seguridade da Información terá unha composición de membros fixos e outros que participarán en función dos temas para tratar.

Serán membros fixos do Comité de Seguridade:

- O Presidente da Deputación
- O Responsable de Seguridade da Información
- O Responsable do Sistema
- O Responsable de Seguridade Física
- Os responsables dos diferentes Servizos da Deputación, ou o deputado que os represente.

Adicionalmente, poderán asistir ao Comité de Seguridade os responsables das materias específicas a tratar nas reunións, que poderán ser convidados en función do contido da axenda.

Cando os asuntos para tratar incidan ou poidan incidir en tratamentos de datos persoais, deberase convocar ao Delegado de Protección de Datos.

Frecuencia de reunións do Comité de Seguridade da Información

O Comité de Seguridade da Información reunirse con carácter ordinario, como mínimo, unha vez cada seis meses e, extraordinariamente, por convocatoria dalgún dos seus membros fixos.

Convocatorias do Comité de Seguridade

As convocatorias do Comité de Seguridade serán realizadas polo Secretario do Comité, quen elaborará unha acta recollendo os asuntos tratados e as decisións tomadas.

O Secretario do Comité preparará a axenda de temas a tratar, achegando a información necesaria para a toma de decisións e será o responsable de que as accións acordadas lévense a cabo, xa sexa por execución directa ou por delegación.



Estrutura de Operación

A estrutura de operación da seguridade debe asumir a administración operativa da seguridade dos sistemas de información, implantando nos devanditos sistemas as medidas necesarias para satisfacer os requisitos de seguridade establecidos pola estrutura de especificación.

Descríbense a continuación as funcións e responsabilidades das figuras asociadas á estrutura de operación.

Responsable dos Sistemas de Información

As súas funcións e responsabilidades son:

- Desenvolver, operar e manter o sistema de información durante todo o seu ciclo de vida, incluíndo as súas especificacións, instalación e verificación do seu correcto funcionamento.
- Definir a topoloxía e a xestión do sistema de información, establecendo os criterios de uso e os servizos dispoñibles no mesmo.
- Confirmarse de que as medidas de seguridade intégrense adecuadamente no marco xeral de seguridade.
- Definir, en coordinación co Responsable de Seguridade da Información, as especificacións funcionais de seguridade dos Sistemas de Información da Deputación.
- Garantir que no deseño de sistemas de información e redes de comunicacións contémpense desde o principio os aspectos necesarios de seguridade da información en canto a dispoñibilidade, integridade, confidencialidade, autenticación, control de acceso, auditoría e rexistro.
- Revisar que a configuración de seguridade tras a instalación dun sistema novo é a adecuada.
- Revisar que a configuración de seguridade tras os cambios nun sistema segue sendo a adecuada.
- Verificar o funcionamento de mecanismos de Control de Acceso que eviten que un usuario acceda a datos ou recursos con dereitos distintos dos autorizados, sen que en ningún caso póidanse desactivar.
- Seguir os foros de vulnerabilidades e elaboración do calendario de aplicación de parches para os sistemas de información, en función dos que xurdan e o impacto que teñan na seguridade (os parches mesmos aplicaranos os administradores de sistemas).
- Implantar as medidas de seguridade que resulten dos plans de tratamento de riscos ou plans de accións correctivas a raíz das auditorías de seguridade da información.
- Proporcionar datos para a alimentación de indicadores de seguridade da información.
- Supervisar os procedementos de copia de seguridade.
- Realizar auditorías técnicas periódicas da infraestrutura de tecnoloxías da información, sistemas e aplicacións.

O Responsable do Sistema ten a potestade para propoñer a suspensión do tratamento dunha certa información ou a prestación dun determinado servizo se apreciase deficiencias graves de seguridade que puidesen afectar á satisfacción dos requisitos establecidos. A proposta debe ser acordada cos responsables da información e os



servizos afectados e o Responsable da Seguridade e elevada ao Presidente da Deputación para a súa decisión final.

Designación de roles das estruturas de seguridade

O Pleno da Deputación da Coruña designará, inicialmente, e ratificará nas sucesivas revisións desta Política de Seguridade, os roles de goberno da seguridade recollidos na presente Política, que exercerán as súas funcións de forma horizontal para toda a información e servizos prestados pola Deputación da Coruña.

Establécese que o Comité de Seguridade é o órgano con potestade para modificar a designación de roles establecida anteriormente. En caso de modificación, recollerase a mesma na acta da sesión correspondente, que constituirá o documento xustificativo en tanto non se realice unha revisión do presente documento de Política de Seguridade, momento no que se ratificarán os novos nomeamentos polo Pleno.

Os roles de goberno da seguridade quedan establecidos como segue:

ROL	EXERCIDO POR
Responsable da Información	O Comité de Seguridade da Información. O Comité de Seguridade delega nos responsables das diferentes áreas organizativas da Deputación para a operativa do día a día coa información propia de cada área (autorizacións, cualificación de información e outras actividades atribuíbles ao responsable da información)
Responsable do Servizo	O Comité de Seguridade da Información. O Comité de Seguridade delega nos responsables das diferentes áreas organizativas da Deputación para a operativa do día a día cos servizos ofrecidos por cada área para as actividades atribuíbles ao responsable do servizo.
Responsable de Seguridade da Información	Titular da Xefatura do Servizo de Informática e Administración Electrónica.
Responsable de Seguridade Física	Titular da Xefatura do Servizo de Sistemas e Soporte
Responsable dos Sistemas de Información	Titular da Xefatura do Servizo de Sistemas e Soporte
Presidente do Comité de Seguridade	Titular da Presidencia da Deputación
Secretario do Comité de Seguridade	Responsable de Seguridade da Información
Responsable do Tratamento	Deputación da Coruña
Delegado de Protección de Datos	Titular da Oficialía Mayor

Os roles de seguridade quedan asignados aos postos organizativos recolleitos no cadro anterior, quedando automaticamente designados os seus titulares en cada momento.

Mecanismos de coordinación e de resolución de conflitos

A coordinación entre os diferentes roles participantes das actividades de seguridade así como a resolución de conflitos que puidesen xurdir entre eles levarase a cabo no seo do Comité de Seguridade da Información.



Funcións e obrigacións

Á marxe das funcións e atribucións que incumben ao persoal que integra o esquema organizativo responsable da seguridade, establécense a continuación as obrigacións do persoal da Deputación así como daqueles terceiros que teñan acceso aos seus sistemas de información.

Funcións e obrigacións do persoal

Todo o persoal da Deputación ten a obrigación de coñecer a Política de Seguridade e cumprila. O Comité de Seguridade da Información dispoñerá os medios para que esta Política chegue aos afectados.

Así mesmo, o persoal deberá asistir ás sesións de concienciación e formación en materia de seguridade para as que sexa designado como asistente.

Funcións e obrigacións de terceiras partes

As terceiras partes (entidades externas á Deputación) que estean relacionadas coa xestión, mantemento ou explotación dos servizos prestados pola Deputación serán feitas partícipes desta Política. As terceiras partes quedarán obrigadas ao cumprimento desta Política e ás normativas que se poidan derivar dela.

As terceiras partes poderán desenvolver os seus propios procedementos operativos para satisfacer a Política.

Deberanse establecer procedementos específicos de comunicación de incidencias para que os terceiros afectados poidan reportalas.

O persoal das Terceiras Partes deberá recibir sesións de concienciación, tal como se esixe para o persoal propio.

Cando algún aspecto desta Política non poida ser satisfeito por unha terceira parte, o Responsable de Seguridade da Información deberá realizar un informe do risco en que se incorre. Ese risco deberá ser aceptado polo Comité de Seguridade da Información.

Formación e concienciación

De maneira sistemática realizaranse accións de formación e concienciación en materia de seguridade da información.

O obxectivo da acción formativa e de concienciación é dobre:

- Manter informado o persoal máis directamente relacionado co manexo de información e os sistemas que a tratan sobre os procedementos existentes de seguridade, configuración segura de equipos, desenvolvemento seguro, xestión de incidentes de seguridade, riscos, etc.
- Concienciar ao persoal, en xeral, da importancia da seguridade e dos procedementos básicos de manexo e intercambio de información.

Todo o persoal deberá asistir a unha sesión de concienciación en materia de seguridade da información coa periodicidade que se determine por parte do Comité de Seguridade da Información.



As persoas con responsabilidade no uso, a xestión, mantemento ou explotación dos servizos soportados nas TIC recibirán formación para o manexo seguro dos sistemas, na medida en que a necesiten para realizar o seu traballo. A formación será obrigatoria antes de asumir unha responsabilidade, tanto se é a súa primeira asignación ou se se trata dun cambio de posto de traballo ou de responsabilidades no mesmo.

Xestión de riscos

Todos os sistemas, servizos e infraestruturas suxeitos á presente Política deberán ser obxecto dunha análise de riscos que avalíe as ameazas e os riscos aos que están expostos.

A análise repetirase regularmente, polo menos unha vez ao ano, elevándose as conclusións ao Comité de Seguridade da Información.

Realizarase unha análise de riscos dos sistemas de información en períodos inferiores a un ano cando:

- haxa cambios nos servizos esenciais prestados ou cambios significativos nas infraestruturas que os soportan.
- ocorra un incidente de seguridade grave.
- identifíquense ameazas severas que non fosen tidas en conta ou vulnerabilidades graves que non estivesen contrarrestadas polas medidas de protección implantadas.

O Comité de Seguridade da Información establecerá os niveis aceptables de risco e aprobará as actuacións para levar a cabo no caso de que se incorra en niveis de risco non aceptables.

Datos de carácter persoal

A Diputación só recollerá datos de carácter persoal cando sexan adecuados, pertinentes e non excesivos, con fins determinados, explícitos e lexítimos, e non serán tratados ulteriormente de maneira incompatible co devandito fin. De igual modo, a Deputación adoptará as medidas técnicas e organizativas necesarias para o cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de datos.

Desenvolvemento da Política de Seguridade e Estruturación da Documentación de Seguridade

Esta Política de Seguridade desenvolverase mediante a elaboración doutras políticas ou normativas de seguridade que aborden aspectos específicos. A raíz das devanditas políticas e normativas poderanse desenvolver procedementos que describan a forma de levalas a cabo.

A aprobación, revisión e nivel de acceso dos documentos anteriormente apuntados farase conforme ao seguinte:

- Política de Seguridade da Información:
 - Será aprobada polo Pleno da Deputación da Coruña, sendo responsabilidade do Comité de Seguridade da Información a súa revisión para elevar unha proposta de modificación cando sexa necesario.
 - Será un documento de público acceso.
- Normativa Interna de seguridade da información:



- Será aprobada polo Comité de Seguridade da Información, sendo o Responsable de Seguridade da Información o responsable da súa elaboración e actualización.
- A normativa de seguridade estará ao dispor de todo o persoal da Deputación.
- Procedementos operativos de seguridade da información:
 - Serán aprobados polo Responsable de Seguridade, sendo o Responsable do Sistema ou o responsable do servizo competente na materia do procedemento, o responsable da súa elaboración e actualización.
 - Os procedementos operativos estarán ao dispor de todo o persoal da Deputación que os requira levar a cabo para a súa actividade.

Revisión da Política de Seguridade

A presente política de seguridade será revisada con carácter anual polo Comité de Seguridade da Información, que poderá modificala e elevala para a súa aprobación."

29.- Dación de conta da resolución de presidencia número 3644/2024, relativa a persoal eventual.

Dáse conta da resolución de presidencia número 3644/2024, pola que se nomea persoal eventual da Deputación Provincial da Coruña.

30.- Aprobación da modificación das cláusulas VII e XIII do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Galega pola Cultura marítima e fluvial polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "XVI Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia. Sada 2023"

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"1º Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concurrencia competitiva, como o incorporado no presente expediente:

O obxecto da presente subvención "XVI ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA. SADA 2023" consiste nunha conmemoración marítima



bienal e itinerante que congrega ás diferentes tipoloxías de embarcacións tradicionais representativas do patrimonio marítimo galego, así como doutras zonas xeográficas, acompañada de actos culturais e de lecer, xornadas de conferencias, coloquios, exposicións, publicacións, música e danza tradicional, artesanía, e un longo número de actividades complementarias dirixidas ao público asistente.

Conxuntamente coa xuntanza de embarcacións, Culturmar promove unha serie de actividades encamiñadas a todas as persoas participantes, tanto ás tripulacións e delegacións inscritas, como á veciñanza da vila anfitroia ou, finalmente, ao público en xeral. O Encontro dinamiza sectores como o de servizos (hostalaría e restauración), a carpintería de ribeira, a velaría, os efectos navais, artesáns, e, sobre todo, na medida en que se está a protexer, conservar e divulgar o Patrimonio Marítimo Galego, potenciando os atractivos turísticos das comunidades da beiramar axudando a un turismo sostíbel, tal e como recomendan as directrices en marcha na Unión Europea.

3º Aprobar a modificación das cláusulas VII e XIII do texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e co FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL CIF G36231561 para financiar o proxecto “XVI ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA. SADA 2023” de tal xeito que onde a cláusula di:

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar realizadas entre o 1 de xullo de 2023 e o 31 de decembro de 2023.

deberá dicir,

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar realizadas entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 31 de decembro de 2023.

e a cláusula XIII, onde di,

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xullo de 2023 e o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de maio do 2024, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL non poida ter presentada a xustificación **antes do día 31 de marzo de 2024**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte.



Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data. A concesión da devandita prórroga, previos os informe preceptivos da Unidade Xestora, do servizo de contratación e da Intervención provincial será eventualmente realizada mediante Resolución da Presidencia da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

deberá dicir

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2023 e o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de decembro do 2024, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL non poida ter presentada a xustificación **antes do día 31 de outubro de 2024**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data. A concesión da devandita prórroga, previos os informe preceptivos da Unidade Xestora, do servizo de contratación e da Intervención provincial será eventualmente realizada mediante Resolución da Presidencia da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 100.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 70,4225 %. sobre un orzamento total de 142.000,00 €

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/481.

O texto final do convenio, polo tanto, quedaría tal como segue



Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "XVI ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA. SADA 2023"

En A Coruña a
REUNIDOS

Dunha parte en representación da Deputación da Coruña

E doutra parte,, en representación do FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e reunidos en presenza da Secretaria Provincial.

- 1 Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e o FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL consideran de gran interese para a provincia financiar un proxecto de difusión do XVI encontro de embarcacións tradicionais de Galicia. Sada 2023 que consiste nunha conmemoración marítima bienal e itinerante que congrega ás diferentes tipoloxías de embarcacións tradicionais representativas do patrimonio marítimo galego, así como doutras zonas xeográficas, acompañada de actos culturais e de lecer, xornadas de conferencias, coloquios, exposicións, publicacións, música e danza tradicional, artesanía, e un longo número de actividades complementarias dirixidas ao público asistente.
- 2 Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL**, CIF G36231561, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "XVI ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA. SADA 2023" tal e como aparecen definidas na memoria de actividades

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

PARTIDA / CONCEPTO DE GASTO	TOTAL €
LOXÍSTICA NO MAR	16.764,68 €
Gasto de combustible para embarcacións auxiliares e de apoio ás navegacións	300,00 €
Servizo de guindastre para botadura embarcacións participantes	607,00 €



Navegación inaugural e o mar para todos na embarcacións Joaquín Vieta	600,00 €
Instalación de 3 liñas de fondeo e 72 amarres, perímetro navegación crianzas e pantalán embarque	9.559,00 €
Construcción 5 zocas para actividades de navegación das crianzas	3.594,61 €
Material diverso para seguridade marítima	104,07 €
Servizo de fondeos	2.000,00 €
LOXÍSTICA EN TERRA	37.749,11 €
Aluguer furgoneta para trasporte material	733,51 €
Gasto de combustible	300,00 €
Transporte liteiras para pernocta tripulantes en pabillón (Sada – Narón)	2.069,10 €
Trasporte elementos expositivos	800,00 €
Aluguer dotación: carpas, haimas, mobiliario, tabiques, megafonía, wc, escenario concertos, grupo electrógeno...	31.376,50 €
Servizo de limpeza diaria durante o evento	2.000,00 €
Servizo de limpeza de carpas propias	170,00 €
Material de ferretería diverso destinado á montaxe da loxística do XVI Encontro	300,00 €
ACTIVIDADES CULTURAIS E ACTUACIÓNS MUSICAIS	39.742,30 €
CONCERTOS	25.876,00 €
Actuación musical Os d' Abaixo	3.509,00 €
Actuación musical Lenda Artabra	800,00 €
Actuación musical Habelas Hainas	2.299,00 €
Actuación musical Faltriqueira	3.300,00 €
Actuación musical Bule Bule Band	968,00 €
Producción técnica concertos, iluminación e son	15.000,00 €
ENCANTO INFANTIL	8.914,30 €
Ludoteca Infantil: Obradoiros tradicionais en madeira (inclúe monitores)	1.815,00 €
Material para obradoiro infantil de nós mariñeiros (confección táboas explicativas)	251,80 €
Actuación infantil O Mago Paco co espectáculo Hocus Pocus	907,50 €
Actuación infantil Natalia Outeiro co espectáculo A vida Tola	1.149,50 €
Espectáculo de teatro Ghazafellos A Illa sen Tesouro	1.100,00 €
Actuación infantil Rilo&Penadique co espectáculo As do Mare	968,00 €
Obradoiro de música tradicional Debulla e Bulla	786,50 €
Obradoiro construción barquiños con madeiras á deriva	181,50 €
Actuación infantil Tropa de Trapo co espectáculo Barquiño de Pau	1.028,50 €
Actuación infantil Brais da Horta co espectáculo Consertasso na Horta	726,00 €
ANIMACIÓN DE RÚA	1.500,00 €
Pasarúas diaria música tradicional	1.500,00 €
EXPOSICIÓN	600,00 €
Exposición de temática mariñeira	600,00 €
TALLERES E OBRADOIROS	2.852,00 €
Obradoiro de redeiras tradicional no marco do XVI Encontro	1.400,00 €
Obradoiros de cestería tradicional	1.452,00 €
SEGURIDADE NO EVENTO	8.171,44 €
Servizo de vixilancia privada durante o XVI Encontro	6.369,44 €
Elaboración e implantación do Plan de autoprotección XVI Encontro	1.452,00 €
Prima seguro accidentes de participantes roteiros	150,00 €
Prima seguro accidentes de voluntariado XVI Encontro	200,00 €
HOSPEDAXES	4.360,00 €
Hospedaxe organización e convidados evento	4.360,00 €
ARTES GRÁFICAS E IMPRENTA	14.620,80 €
Confección e seregrafiado camisetas tripulación/voluntariado e organización evento	4.368,10 €
Gallardetes- banderíns náuticos identificativos embarcacións participantes	1.069,64 €
Lona gran formato 6*2 e photocall con peana 3*2 evento	566,99 €
Impresión programación	654,32 €
Cartelería A3 XVI Encontro	211,75 €
Deseño e confección recordo conmemorativo para embarcacións participantes	1.893,00 €
Maquetación e impresión flyer + roller promocional evento	513,61 €
Deseño imaxe oficial e desenvolvemento aplicacións evento	2.252,50 €
Maquetación e impresión publicación Vida Mariñeira de Sada	2.813,78 €



Impresión sinalética XVI Encontro	277,11 €
PUBLICIDADE, DIFUSIÓN E PROMOCIÓN DO EVENTO	11.812,91 €
Páxina web XVI Encontro (deseño, xestión e actualización)	1.061,30 €
Creación vídeo promocional e publicitario XVI Encontro	605,00 €
Filmación navegación convoi rumbo XVI Encontro	1.200,00 €
Grabación, creación e montaxe de vídeo XVI Encontro (inclúe grabación aérea dron)	2.363,00 €
Campaña de publicidade en medios de comunicación	2.469,61 €
Plan de comunicación e publicidade do XVI Encontro- xornalista	4.114,00 €
GASTOS DE PERSOAL AO SERVIZO DO EVENTO	5.678,76 €
Persoal contratado ao servizo do XVI Encontro Embarcacións Tradicionais xuño- agosto (nómina + seg.social)	5.678,76 €
OUTROS APROVISIONAMENTOS, GASTOS VARIOS E OUTROS SERVIZOS	3.100,00 €
Suministros e aprovisionamentos varios destinados ao desenvolvemento do XVI Encontro	271,95 €
Creación e xestión de plataforma para reservas online de aloxamento colectivo tripulantes	889,35 €
Mantemento programa evento, reconstrucción e configuración terminais impresión	96,80 €
Teléfono (terminal) organización: responsables voluntariado / loxística mar	249,38 €
3 Parellas de Walkies Motorola para coordinación voluntariado no evento	395,67 €
Reparación impresora exposición Fasquía 3D	199,65 €
Monitor 50" para proxeccións vídeos e films cultura mariñeira durante o evento	320,00 €
Outros servizos	677,20 €
TOTAL GASTOS	142.000,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 100.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 70,4225 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 70,4225 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/432.1/481.00, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.



IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada á FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL unha vez que se presente a seguinte documentación:

- 1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña
- 3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- 4.-Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- 5.-Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 6.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.



7.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar realizadas entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 31 de decembro de 2023.

2. Unha vez rematadas as actividades, o FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL na documentación achegada no prazo máximo de catro meses.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

- 1 O FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
- 2 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
- 3 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe



constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo periodo que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro



XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2023 e o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de decembro do 2024, sempre e cando exista crédito para tal fin.
2. Para o caso de que o FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL non poida ter presentada a xustificación **antes do día 31 de outubro de 2024**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data. A concesión da devandita prórroga, previos os informe preceptivos da Unidade Xestora, do servizo de contratación e da Intervención provincial será eventualmente realizada mediante Resolución da Presidencia da Deputación.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.



XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ____ de ____ de ____
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación, _____ O Representante da ASOCIACION _____

A Secretaria Provincial"

31.- Aprobación da proposta de acordo de adhesión á "Red de Gobiernos Locales + Biodiversidad" da FEMP.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de Adhesión da Deputación da Coruña á Red de Gobiernos Locales + Biodiversidad da FEMP, proponse á Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente, a toma en consideración do seguinte acordo:

1º. Aprobación da adhesión da Diputación Provincial da Coruña á Red de Gobiernos Locales + Biodiversidad, e como socio titular, cumprir os seus fins estatutarios, así como os seus requisitos formais e sectoriais, para alcanzar os obxectivos desta.

2º.- Designar a Dª Rosa Ana García López para representar á Deputación Provincial da Coruña na Asemblea da Red de Gobiernos Locales + Biodiversidad.



3º.- Designar a D. Manuel Vázquez Sesmonde como representante técnico da Deputación Provincial da Coruña para asistencia a reunións e grupos de traballo da mesma.

4º.- Facultar ao Presidente para realizar unha declaración institucional dirixida á cidadanía para plasmar o compromiso de adhesión á Rede e cantas actuacións se adopten para alcanzar os obxectivos da Rede.

5º. Aprobar o compromiso de organizar un Foro cidadán para informar á poboación das medidas que a Deputación vai adoptar para lograr os obxectivos da Rede, promovendo a participación cidadá na aplicación das ditas medidas, así como o compromiso de elaboración dunha "Estratexia Local de Biodiversidade" que inclúa un inventario sobre a situación da biodiversidade en municipios da provincia, un sistema de indicadores para o seu seguimento e un Plan de Actuación para o seu incremento.

6º. Aprobar a achega da Deputación Provincial da Coruña á dita Rede dunha cota anual de 300,00 € en concepto de "Cuota Red + Biodiversidad".

7º.-Facultar ao Presidente para realizar todos os trámites oportunos para que a adhesión da Deputación Provincial da Coruña á Rede de Gobernos Locais +Biodiversidade sexa efectiva."

ACTUACIÓN DE CONTROL: MOCIÓNS ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Presidente

Moi ben. Mocións non hai. Rogos, preguntas?

Sr. Calvelo Martínez

Quixera facer un pequeno rogo debido á situación da estrada DP-503, a estrada que vai dende Pastoriza a Suevos. A Deputación, nas últimas semanas, si que fixo un paso sobreelevado para, un pouco mitigar a situación de impacto que están recibindo agora actualmente no núcleo de Suevos. Que pasa?, trasladánnos os veciños que ese paso sobreelevado non cumpre realmente a función para a que foi proxectado. Eles constatan sobre todo a velocidade excesiva dos vehículos turismos. Hai un problema cos camións, co tráfico pesado, que máis ou menos está controlado; é un problema preocupante pero non é... quizais agora o que máis lles preocupa a eles, como teñen máis tráfico, sobre todo de turismos, que si que necesitan adoptar medidas de meter probablemente máis bandas rugosas, aínda que sexan provisionais, no que é o propio núcleo, eses dous pasos de ceбра sobreelevados non están facendo o efecto de reducir a velocidade. Pedimos e trasladamos desde aquí a posibilidade de facer ese reforzo de poñer bandas rugosas, aínda que sexa de maneira provisional, ata que se remate a construción da estrada que temos nós cortada aí na zona de Mafriesa, pero si que é unha situación de necesidade moi urxente porque si que os vehículos de turismo pasan a unha velocidade extremadamente excesiva e a estrada ten unha sección moi pequena. Só



pedimos iso, que se reforce a posibilidade de aumentar as bandas rugosas aínda que sexa de maneira provisional mentres se executa o novo vial.

Moitas grazas.

Sra. Rodríguez Ordóñez

Moi bo día. Moitas grazas, señor presidente.

Tomamos nota dese rogo con toda a urxencia e comprométome a que esta semana, co técnico correspondente, pasaremos a velo. Esas bandas foron colocadas hai pouco, Sabemos que ademais aí imos contar cunha actuación en breve pero comprométome esta mesma semana a pasar a velo para poder tomar unha solución técnica para minorar esa problemática. Grazas.

Sr. Presidente

Os pasos elevados, non? Ou sexa, entre paso elevado e paso elevado, o paso elevado fai función, entendo eu.

Sr. Calvelo Martínez

Puxéronse pasos sobreelevados amplos, o que pasa é que a pendente do paso sobreelevado é moi pequena, entón si que pasan moi rápidos. Eu o que pido é que hai unha zona, na zona urbana hai unha zona de curva contra curva, de colocar unhas bandas rugosas provisionais. Eu xa sei que aquí non son partidarios de colocalas, pero é moi importante cortar o tráfico que vén de baixada e de subida, que vén a unha velocidade excesiva. É como se fora unha situación de urxencia ou de emerxencia, que podemos incluso nós facilitarvos o informe ante unha situación de que hai un tráfico máis intenso, é colocar bandas rugosas provisionais que reduzan ese tráfico, que obrigue a parar os coches. Sobre todo é tema de turismo, que van extremadamente cunha velocidade excesiva. Nada máis.

Sr. Presidente

Deben de ser dos primeiros pasos elevados que se instalan na provincia nos últimos 15 anos. Ou sexa que me sorprende, sorpréndeme.

Sr. Calvelo Martínez

Se lle desen un pouquiño máis de pendente...

Sr. Presidente

Xa. Pero, ben, é que aí, o dos pasos elevados xa sabes ti mellor ca min, o tema da normativa... é dicir, é moi delicado. Ten que ter a pendente exacta que marca a normativa, imaxino que estará pola normativa, non será suficiente, porque efectivamente, cando cumpre a normativa non son o suficientemente espantadoras dos que van a 200 por hora.

Sr. Calvelo Martínez

Provisionais, que sexan provisionais, que se poidan, no momento en que nós rematemos a outra estrada, si que se pode liberar un pouquiño máis o tráfico.



Sr. Presidente

Si porque ademais a veciñanza habitualmente é absolutamente inimiga das bandas rugosas, é un incordio pasar por elas. Pero, ben, falamos con Vías e Obras.

Algún rogo máis? Pois moitas grazas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 12:27 horas.